RAFAEL DIESTE LUIS SEOANE LORENZO VARELA

RAFAEL DIESTE LUIS SEOANE LORENZO VARELA

# cuadernos ateneo ferrolán

ANO III - NUMERO II - NADAL 1983

R.11.344

# Cuaderno
# ATENEO FERROLAN

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

Número II
Ano III
Nadal 1983

Director da Publicación:
Xosé Ponte Far

Portada feita a partir das decoracións que D. Felipe Bello Piñeiro pintou no Casino Ferrolán.

Edita: ATENEO FERROLAN

Portada: XOAN XOSE BRAXE

Depósito Legal: 1480 - 83

I. S. B. N. 84 - 398 - 0700 - 7

---

Imprime: LOPEZ TORRE - Real, 4 - Teléfono 430057 - PONTEDEUME

CUADERNO DEDICADO A:

# LORENZO VARELA
# LUIS SEOANE
# RAFAEL DIESTE

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



PLUMA DE EMIGRANTE
PARA LUÍS SEOANE, LOURENZO VARELA E RAFAEL DIESTE.
PEPE BARREIRO.

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

# INDICE

O NOSO SENTIR. .......... 7
LIMIAR. .......... 11

LORENZO VARELA

RAMON GOMEZ DE LA SERNA. .......... 13
"LUIS SEOANE A LORENZO VARELA" **(Carta de Maruxa Seoane ó Ateneo).** .......... 14
ONTES. LEMBRANZA DE LORENZO VARELA. **Anxel Fole.** .......... 18
SOBRE EL MISTERIO DE LORENZO VARELA. **Antonio Sánchez Barbudo.** 20
NEIRA VILAS, DENDE A HABANA, EVOCA A MEMORIA DE LORENZO VARELA E ADICALLE UN BARIL E REVOLUCIONARIO ATURUXO. **Xosé Neira Vilas.** .......... 24
DE FRANCISCO FERNANDEZ DEL RIEGO O AMIGO, O HOME E O POETA "QUE ABRIU NO VERSO UN REGO INESQUENCIBLE DA TERRA E DAS SUAS XENTES". **Francisco F. del Riego.** .......... 25
LORENZO VARELA O HOME. **Manuel Lueiro Rey.** .......... 26
LORENZO VARELA: O HOME, O POETA E O SILENZO. **Xosé A. Ponte Far.** .......... 30
ARTICULO INEDITO DE LORENZO VARELA SOBRE A OBRA DA ESCULTORA NOEMI GERSTEIN -TIA DA SUA MULLER- UNICA ACADEMICA DE BELLAS ARTES NA ARXENTINA. **Lorenzo Varela.** .......... 33

**LUIS SEOANE**

A LUIS SEOANE, ARTISTA DE GALICIA E PRA GALICIA. **Domingo García Sabell.** .......... 35
NA BRETEMA, UNHA VOZ. **Valentín Paz Andrade** .......... 36
HOMENAXE A LUIS SEOANE: A MIÑA ADHESION. **Xesús Alonso Montero.** .......... 37
LUIS SEOANE. **Avelino Pousa Antelo.** .......... 38

LUIS SEOANE EN COMPOSTELA. **R. Carballo Calero.** .......................... 39
HOMENAXE A LUIS SEOANE. **Manuel Colmeiro.** .......................... 40
O QUE A OBRA DE LUIS SEOANE SIÑIFICA PRA NOS. **Isaac Díaz Pardo.** .......................... 41
LUIS SEOANE, NO SEU PEREGRINAXE. **Manuel Lueiro Lores.** .......................... 43

## RAFAEL DIESTE

EL ESPEJO. **José Luis Cano.** .......................... 45
A PERSOALIDADE E A OBRA DE RAFAEL DIESTE. **Francisco Fernández del Riego.** .......................... 46
RAFAEL DIESTE NAS LETRAS GALEGAS. **R. Carballo Calero.** .......................... 48
EL TEATRO DE RAFAEL DIESTE. **Miguel Bilbatúa.** .......................... 50
HOMENAJE A DIESTE. **Enrique Azcoaga.** .......................... 55
MI "PROPIA IMAGEN" DE RAFAEL DIESTE. **Manuel Andújar.** .......................... 57
MARIA ZAMBRANO A RAFAEL DIESTE. .......................... 58
LINGUA HUMANISMO E MATEMATICA. **Edelmiro Gil Díaz.** .......................... 60
LEMBRANZA DO HOME E DO ESCRITOR R. DIESTE DENDE A VELLA AMISTADE. **Carlos Gurméndez.** .......................... 64
CON RAFAEL DIESTE NOS ARQUIVOS DO TRASNO. **Siro López.** .......................... 67
HOMENAJE A RAFAEL DIESTE. **Antonio y Angela Sánchez Barbudo.** .......................... 70

## LORENZO VARELA - LUIS SEOANE - RAFAEL DIESTE

LEMBRANZA DE LORENZO VARELA, R. DIESTE E LUIS SEOANE, COAS CALIDAS VERBAS DE Mª GERSTEIN, MULLER DE LORENZO VARELA. **María Gerstein.** .......................... 71
CARTA DE MARUJA FERNANDEZ DE SEOANE. .......................... 72
CARTA DE CARMEN MUÑOZ DE DIESTE. .......................... 73
TRES ESGREVIOS GALEGOS DA DIASPORA. **Xavier Costa Clavell.** .......................... 74
O QUE REPRESENTA PRA MIN A OBRA E A VIDA DE RAFAEL DIESTE, LUIS SEOANE E LORENZO VARELA. **Isaac Díaz Pardo.** .......................... 76
RECORDANDO RECORDOS... **Aurora de Albornoz.** .......................... 78
PRA COLABOURAR NUNHA IDEA ATINADA. **Ramón Piñeiro.** .......................... 80
EPILOGO .......................... 83
ADHESIONS. .......................... 85



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

# O noso sentir

Cando o presente número do Caderno Ateneo entraba no prelo, tocaba ó seu fin a última xuntanza dos dirixentes da Caixa de Galicia —Claudio Sanmartín e Xosé Luis Méndez— con directivos do Ateneo de cara a conseguir un marco de colaboración que sen dúbida pode ser fonte de enriquecemento mutuo, de iniciativa e de creación para a nosa Galicia.

Este Caderno Ateneo é a primeira mostra da cita que bianualmente se ofrecerá aos socios baixo o patrocinio da Caixa de Galicia. É o testemuño do interés dos seus dirixentes de non consideraren o desenrolo somente dende o ángulo dos logros económicos que a Xunta Directiva do Ateneo agradece e valora profundamente, nesta imbricación común para recupera-la memoria dos nosos devanceiros.

Este número do Caderno Ateneo, adicado a Lorenzo Varela, Luis Seoane e Rafael Dieste, é unha fase, non sabemos se triste ou alegre, de madurez. Pero ésta, poida que sirva para darnos motivos da activa presencia e clarificación de tantas cousas que escureceron durante longos anos as páxinas da nosa Historia, e por iso da nosa cultura.

Pero a verdade tantas veces escurecida acostuma impoñerse por si soa. Cadernos do Ateneo vai tratar de relloxala por encima de tódalas componendas, ainda que na súa búsqueda quede latexando ás veces a incomprensión.

Hoxe, ó ve-la luz este número do Caderno Ateneo, sentimos tánto vacío arredor de nós pola ausencia dos nosos poetas, que fai máis sinceiro, se cabe, o noso agradecemento a cantos amigos colaboraron en facer páxina a páxina este número.

E así, este Cuaderno por moi reducido que sexa o seu ámbito non quere deixar de unila a súa voz a esa máis grande, á de Galicia, que por boca dos seus poetas se fixo oír no mundo.

Eles gañaron todo o que un home pode gañar. O recoñecemento e a memoria do seu pobo.

A XUNTA DIRECTIVA
Nadal 1983

*D. Xosé Filgueira Valverde abre o pórtico das lembranzas ós tres esgrevios galegos aquí homenaxeados. Hoxe é a persoalidade idónea para enlazar o pasado heroico co futuro esperanzador das nosas letras e da nosa cultura.*

Moito debe a cultura de Galicia ó "Ateneo Ferrolán" que mantén vizosa nos nosos días a tradición dos vellos tempos dos "Anuarios", as controversias e a divulgación conxunta das novedades literarias e dos adiantos da cencia. De min sei decir que lle teño moita lei, non somentes polo ben que se traballa nel, nin pola atención con que me teñen escoitado e aturado os seus membros, senón por un miudo relembro de neno. Foi o primeiro "Ateneo" de que ouvín falar, nos anos do Instituto: facía a sua gabanza o catedrático de "Lengua e Literatura" D. Alfredo de La Iglesia, do que adeprendín tantas cousas.

Agora os cabezaleiros da sociedade pídenme unhas liñas para o limiar da publicación que adican a tres admirados galegos que deixaron un valeiro moi fondo na rolda dos "boos e xenerosos". Un vento de morte arrincou da nosa beira, en corto tempo, dende fins do ano 1978 a moitas figuras senlleiras: Lorenzo Varela, Luis Seoane, Failde, Celso Emilio, Blanco Amor, García de Diego. E logo Alvaro Cunqueiro. E Rafael Dieste... Mágoa que as verbas mais agudas, luidas pola usanza, perdan as arestas, coma crolos de ribeira. Se decimos que foron cimeiros, sobranceiros, egrexios... somella que nos valemos de gastados "topoi" se aglaio. Queda unha verba que hoxe se refuga ou dise somentes dos dadiveiros: "magnánimo". E xusto a que esquece ó grandor do ánimo, á arnpritude do esprito, á "magna" entrega a todo ben.

O "Ateneo" escolle tres deses nomes: Rafael Dieste, Luis Seoane, Lorenzo Varela, xunguidos por fortes vencellos: galegos da diáspora, servidores en moitos eidos do cultivo da galeguidade. E chama pra evocalos ós que, de perto, souberon do seu esforzo, e viviron as suas angueiras ou saben dos froitos das suas xeiras: Costa Clavell, Díaz Pardo, Ramón Piñeiro, Marta Berstein, J.L. Carro, Fernández del Riego, Miguel Bilbatua, Enrique de Azcoaga, Manuel Andújar, Gil, Gurrienda, Aurora de Albornoz, Lueiro Rey e Lueiro Lores, Anxel Fole, Sánchez Barbudo, Paz Andrade, Pousa Antelo, Alonso Montero, Manuel Colmeiro... cun epílogo de García Sabell. Toda unha moza de testemuñas, de recordos e de escolios que han valer pra ensinio de moitos e pra aviventar a admiración e a gratitude que se lles debe.

Non faltan as mencións de cómo se viron uns a outros os tres conmemorados. Neses xogos de cinestesías que tecemos por veces, antre amigos, Lorenzo Varela e Dieste conviñan en que Luis Seoane —"integrador das artes" unha das mais ricas e completas personalidades galegas do noso tempo— tiña "sabor de mazá". "Ahí van decíalle Dieste a Xesús Varela Vázquez —verba de aceiro— enciñas e ulveiras, e un penedo branco, e mapoulas nocturnas aboindo antre as vagas da lua dos trigos". E Seoane vería a Dieste cicais con lus de "estreliña", xusto de limpo, puro, espellante luceiro do abrente.

Xuntos nestas páxinas, como xuntos viviron e xuntos quixeron unha nova Galicia, ofrécennos o exepro das suas vidas e o sabor das suas obras. Este feixe de traballos poden axudarvos a comprendelos mellor e a mellor admiralos. Os tres foron namorados —"entendedores" decíase no medievo— de Galicia.

Que nós cheguemos a "entendelos" e atendelos con moito amor, en pago do que eles nos tiveron.

*A Caixa de Galicia, ó patrocinar esta publicación, demostra a sua xenerosa predisposición en pro da cultura galega. O Renacemento cultural galego necesita destas axudas e os logros veranse pronto. Polo que ó "Ateneo Ferrolán", lle corresponde, enhoraboa a esta Entidade exemplar, e gracias.*

# LIMIAR

O carácter estratéxico da cultura está ben fora de toda dúbida. No medio da turbulencia que xeneran as convulsións sociais e a crise económica, viuse con claridade que o desenrolo dos pobos non pode definirse tan só en térmos de crecemento económico. Aquela preocupación por incrementa-lo Producto Nacional Bruto vese igualada, cando non rebasada, pola importancia atribuida á identidade cultural e ó desenrolo social e humano que representan o contrario do illamento e da inhibición, xa que constitúen un requisito previo para unha interacción chea de sentido e confiren ós pobos a sua dignidade que equivale a un ter que someterse para sobrevivir.

Rebasaría os propósitos de esta introducción e quizá fora unha vana pretensión enumerar todas aquelas manifestacións de cultura que se levan a cabo nun pobo. Se podemos afirmar que a cultura é resultado e configúrase no traballo desenrolado na sociedade das bibliotecas, nos ámetos da investigación, nos centros de ensino e na actividade dos seus habitantes, todos eles creadores de cultura nos seus distintos modos de vida. Os artistas e pensadores, os poetas, os homes e mulleres que caladamente cultivan e transmiten todo aquilo polo que un pobo se recoñece e se da a coñecer ós demáis están a facer cultura.

Por fortuna, en Galicia, na nosa Galicia que como a sorrisa do Outono está equidistante do recordo e da esperanza, parecen chegados os tempos dun auténtico e gozoso rexurdimento cultural, dun entusiasmo colectivo por recuperar, manter e potenciar a nosa propia identidade, e decir, aquela maneira que como pobo temos de vivir, os nosos pensamentos, as nosas crenzas, os nosos sentimentos e conviccións sobre a existencia, convivencia, esperanza e amor.

Os traballos que se realizan enriquecendo todo o acervo cultural, desde os basamentos tecnolóxicos e organizacións institucionais, ata formas de expresión da vida do espíritu, siguen en crecente medra e manifestanse coma un entusiasmo colectivo do pobo a través dos organismos, asociacións de veciños ou particulares, cada vez máis comprometidos con todo o galego.

Neste ambiente integrador que reune vontades, propicia opinións, auna intereses e degoros, en pro da cultura, ocupa un lugar destacado o ATENEO FERROLAN, comprometido en múltiples manifestacións culturais, entre as que destaca o seu apoio decidido á literatura, parte tan importante do todo cultural.

E non vai descamiñado o ATENEO. É ben sabido que o ser moral dos pobos aumenta co labor creativo dos seus sabios, artistas e escritores e nada nolo ensina con tanta profundidade, ningunha actividade nos descobre ó propio home en toda a sua integridade, nin escoldriña tanto o fondo da sua alma coma a literatura.

Neste número dos cadernos do ATENEO ofrécenselle ó lector amplios e importantes estudios de prestixiosos escritores sobre tres galegos exemplares e creadores eminentes, magníficos embaixadores da nosa terra nos mundos literarios. De seguro que non é casualidade que neste número se estude a obra de Lorenzo Varela, Rafael Dieste e Luis Seoane, tres vidas paralelas fortemente unidas na hirmandade e preocupación por Galicia, a sua terra, á que adicaron o millor de si.

Lorenzo Varela, o poeta que soubo ver sempre a través do accidental o que no home hai de trascendente. Poeta da terra, que enlaza cas máis antigas e puras tradicións, os seus berros, prantos e sarcasmos sempre aparecen sostidos polo recordo de Galicia.

A obra de Rafael Dieste sintetiza armoniosamente o dramático e o emocional, tan enraizados na alma galega. A el débenlle as letras galegas renovadoras contribucións narrativas, teatrais e poéticas que sempre aparecen traspasadas polo amor á terra.

Luis Seoane é un dos persoeiros máis importantes da cultura galega. Esgrevio poeta, pintor, grabador, dibuxante, autor teatral, con enorme producción en tódolos campos, dan mostra da fecundidade da sua obra, adicada na sua totalidade a Galicia, desde o fondo do seu corazón.

Tres autores con vidas paralelas e obras fecundas nas que aparece o verdadeiro ser de Galicia, a sua realidade sólida, sen folklorismos fuxidíos, e o reflexo das virtudes do pobo: o orgullo soberbio e á vez triste, a terca e noble fidelidade ás suas crenzas, a robustez de caráter, a melancolía errabunda, a saudade impenitente e xamáis vencida.

Noble teima, pois, a do ATENEO FERROLAN por manter viva a obra destes tres entrañables creadores e pleno acerto o da CAIXA de GALICIA ó patrocinar esta publicación. Non podía ser doutra maneira. A Caixa, nacida da dinámica evolutiva da propia cultura galega está a facer un camiño cunha mente receptiva e cun corazón aberto en pro da cultura galega, consciente de que a soa función económica como entidade financieira non é razón de ser suficiente. Por iso, desde o seu nacimento, pretendeu conxugar aquela función que lle é propia co decidido apoio ó renacemento cultural galego, escribindo páxinas que mostran a sua colaboración e preocupación.

O noso patrocinio económico á esta publicación fai realidade a iniciativa do Ateneo e con isto estamos seguros de contribuirmos ó engrandecemento deste pobo galego, noble e xeneroso.

XOSE LUIS MENDEZ
CAIXA GALICIA



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

# LORENZO VARELA

At Ferrolán
U gar de contro para a cultura
F ado en 1879
R Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org



O monte Cairón en pé de guerra do Pobo.

RAMÓN
GOMEZ DE LA SERNA
HIPOLITO YRIGOYEN 1974 - 6º PISO LL
TEL. 47 - 4775
BUENOS AIRES

A J. Lorenzo Varela

Mi querido y baudelariano poeta: encantado con aquella noche en que lució el tipo español de las buenas discusiones en que todos pudimos decir nuestra verdad sin que acabásemos por matarnos.

Muy agradecido a su obsequio y a lo que significa, le abraza con vieja amistad pombiana

RAMÓN Gómez de la Serna

Muchos recuerdos a su mujer y también de Luisita para los dos.

# "Luis Seoane a Lorenzo Varela"

LUIS SEOANE

**Verbas de homenaxe a Lorenzo Varela de Luis Seoane, e que éste tiña de leer o día 6 de abril de 1979, no acto a se celebrar no Ateneo da Coruña. Luis Seoane morreu o día 5 as 11 da noite, e foron leídas pola sua muller, Maruxa Fernández de Seoane, duas semanas mais tarde.**

Temos de coñecer a historia de cada unha das persoas a quenes debemos algo. De Tódalas persoas que se poida, debéndolles ou non algo. A Lorenzo Varela, nós, eu polo menos, e algúns mais que nós, debémoslle moito. A sua amistade, a sua irmandade. Foi un dos fundadores da Mocedade Galeguista en Lugo, creo que con Ramón Piñeiro, na década do trinta. Foi en Madrid da Xuventude Socialista e alí fíxose, mais tarde, comunista. Foi soldado durante a guerra civil, poeta e soldado como Garcilaso a quen ademiróu. Chegou a sere un dos comisarios de Guerra das Brigadas Internacionales. Loitóu en moitos frentes, tamén no Ebro. Moitos polacos, logo de rexurdida Polonia, que chegaban como diplomáticos a Buenos Aires e que tiñan estado nesas brigadas, Embaixadores, Segredarios de Embaixada, etc., preguntaban por Lorenzo Varela, lembraban os días da guerra, él velaos, era agasallado, mais fuxía no posible dos agasallos. Varela foi, durante moitos anos, un home fidel ás suas conviccións, logo mexturounas coas galeguistas e socialistas da sua mocedade. O seu programa era propio e non buscaba xa, creo, novo partido, non aspiraba a nada nese terreo. Era un home soio, desterrado, con amigos tamén soios e desterrados, o mesmo exiliados que emigrantes. Foi un espléndido conferenciante, escelente prosista e gran poeta, mais nos derradeiros tempos trataba de atopar o que mais poidera do misterio dos orixens. Nos derradeiros anos interesábase pola psicoloxía e a bioloxía. Entre os seus amores tiña dous que veñen de lonxe entre os quereres das nosas xentes: a pedra e o monte Cairón, en Monterroso, cuio nome cedeu nun poema a París, cando esta cidade foi recobrada polos aliados na última guerra. Era o único que tiña que oferecer, o nome querido dun monte. Os que escribo son datos elementais que, en xeral, cavilo, poden dar idea do pensamento dun home valioso desterrado a maior parte da sua vida. Aos coarenta anos que levaba fora de Galicia, de España, dende o trinta e nove, deica a data da sua morte, téñense de engadir os que levara como fillo de emigrantes na Habana e Buenos Aires. Cando voltóu a Galicia poucos mozos se achegaron a él. E Varela era, endemais dun poeta, un sabeo que viña a morrer á terra pola que tiña loitado. Era un sabeo en moitas cousas, mais sobor todo no coñecemento da vida, do home. El era o tipo de home a quen no pasado buscaban e veneraban os mais mozos pra coñecer aquela aguda esperencia que



precisaban. Mais a pesares das suas doencias, da sua edade, era un vello mozo capaz de botar aínda un aturuxo que se ouvise de monte a monte e de discutir con humor, de improvisar cantigas. Rodeárono si, na terra, os antigos amigos que tiñan penado no interior de Galicia, outros exiliados que tiñan voltado, e, tamén, algúns vellos emigrantes nostálxicos que falaban da sua mocedade, da dureza da sua vida na emigración e do seu regreso. Dunha vida sempre morriñosa, tristeira, escondéndolles aos fillos o seu pasado galego matinando que non se repetise neles. Lorenzo Varela comprendíaos porque comprendía a seu pai e tiña comprendido a sua nai, a quen adicou ese poema que eu dudo haxa moitos de igoal calidade na literatura castelán de hoxe, "A Perpetua, madre mía". O poema dun emigrante, dun desterrado que escribíu a sua nai, unha Mater Galleciae como as que veneraron nosos antergos nunha época moi remota e que ós fins do século vinte rematamos esquecendo.

Os seus ollos nos derradeiros anos parecían comprendelo todo e a sua pel, a pesares de ser xoven aínda, íbase enchendo de enrugas pequenas arredor dos ollos; eu fíxenlle un dibuxo que acuarelei; cada vez mais foise parecendo ó seu pai no andar montañés. En Galicia, en todas partes, hai un andar da xente das montañas e outro da do mar. O andar da xente montañesa ten mais seguridade, é mais calmo, parece levar mais sólidamente o peso do corpo do home enriba. A xente da mar é mais vacilante, desordeado o seu paso, e o home móvese como si a terra se abanease. Lorenzo Varela tiña nos seus últimos anos ese andar calmo e seguro propio dos montañeses e dos soldados.

Era un gran poeta querido de Cernuda, Neruda, Bergamín, Dieste, Alberti, Octavio Paz... A autoridade que emanaba non era lembranza dos seus anos de soldado, de Comisario de Guerra, senón da sua cultura adequirida a traveso de moitos anos, das suas inquedanzas, dos seus infortunios e da vida que levou. Do único xeito que se adequire autoridade. Xa él non definía a poesía, nin lle importaban as reglas das preceptivas e non creía na aplicación fidel das reglas académicas en arte. Era a intuición o que lle importaba e o resultado estético das obras. Pra calquer obra de arte quería na sua realización o mesmo que o monxe Zen nunha especie de aforismo: "Ningún pensamento, ningunha reflexión, ningún análisis. Deixade que se defina por sí mesma". Que seña a sua beleza, a sua calidade, o amor que representa, o que chega ao espectador. Por eso foi él un gran crítico de arte, por eso escribíu tan boas monografías encol duns poucos artistas, e poemas de tanta beleza sobre outros artistas, ou sobre os materiais que usaban, a madeira, a pedra, ou encol de algúns dos temas. No seu limiar a "Playa Sola", o primeiro libro do poeta arxentino Alberto Girri, falaba da sua temática e expresa que Girri tiña renunciado "á madurez simulada de que está feita certa poesía supostamente moza tan ben feitiña —escribíu— tan comedida, tan intelixente, tan sin carne, sin mundo, nin espíritu, nin orxía, nin renunciación viril". Falaba do "baul" invisible dos poetas, no que se acubula esperencia vital, vida, sin a cal non hai poeta. Os poetas que él amou, entre outros, dos que falaba moitas veces, foron Garcilaso, Baudelaire, Cernuda... e de entre os nosos destacaba a Iglesia Alvariño.

Lorenzo Varela era o mais mozo da nosa xeneración e foi cabaleiresco como Garcilaso, fondo e misterioso como Baudelaire, e, si queredes, en épocas da sua vida, disipado como éste. Os temas extraíaos en gran parte da natureza de Galicia, da terra montañesa de Lugo vivida na sua mocedade, aínda que engadira, logo dos anos da guerra civil, temas referidos a Castela e Cataluña que coñeceu como soldado, aínda que donantes estivera nela formando parte das Misións Pedagóxicas. Vive a maioría dos anos en cidades asfaltadas e de cemento. Tivo sempre nostalxia dos arbres, das herbas, da rosa e do trebo, dos verdes prados e da montaña —Monterroso e Lugo eran a sua Galicia—. Cada un de nós

temos as nosas terras. A Monterroso non voltou nunca mais, agachábao no corazón, falaba poucas veces da sua aldea. De Lugo falaba mais, adicoulle un dos poemas mais belos do seu libro **Lonxe**, menos entrañabel que Monterroso, mais era unha cidade querida pola sua paisaxe, as suas murallas, os amigos, as xentes e o Miño. Quería a poesía de Aquilino Iglesia Alvariño polo mesmo amor déste ás flores humildes e, cecais, tamén, pola libertade formal dos seus últimos poemas. Lorenzo Varela rachou gran parte do que fixo i entre os traballos que rachou lémbrome dun gran libro que tidoábase "Sonetos del ruiseñor" ou con un tidoo parecido, que eran continuación do poema "Del ruiseñor" de **Torres de Amor**. Leeume unha tarde algúns dos poemas e rachounos semáns despois. O soneto de **Torres de Amor** remata: "Quiero yo, enamorado mi concierto —libres mis alas, alabar cadena, y morir por amor y cantar muerto".

Mais non son eu quen pra escribir ou falar da sua poesía. Amoas e síntoas na sua gracia e beleza e asimesmo nos seus temas, porque, si non vivín nos campos de batalla fun alguén que fixo a guerra de outro xeito tendo de atopar escondixo, bulrar a morte, e vivir o exilio da Galicia voltando á mesma terra onde tiña nacido. Unha situación dramática que viña a ser semellante á do mesmo Varela, nacido na Habana, vivido de moi neno en Buenos Aires e feito en Galicia, periplo de moitos milleiros de galegos fillos de emigrantes, que se atopan traballando de labregos nas nosas aldeas, ou de aqueles que nunca chegaron a vir a Galicia, da que non embargantes, teñen saudade, neste caso a saudade da terra descoñecida, misteriosa, de onde proceden. Torres de Amor, como **Lonxe**, como aqueles poemas dél nos que está presente a guerra, non podemos deixar de sentilos como algo que vivimos no desterro, nun desterro que comeza no 36 e 37, caída Galicia sin apenas loita, e vivindo, en troques, a loita do mundo libre pola República Española, e no noso caso, como no de cuase todos os galegos que participaban na loita, naturalmente, por Galicia. A guerra seguíu logo de rematada i él a partir do 39 como todos os que nos xuntamos no exilio, fumos outro tipo de soldados, de militantes, de tristes e saudosos soldados ou militantes, esquencidos na península. Un dia virá onde se recolla canto fixeron un grupo de galegos por Galicia, sin medios, sin apoios de ningún xénero, en todo caso soio en pequenas sociedades, en locais inverosímiles, cuase en pasillos, como ocurríu nunha grande entidade galega. Cada un facía o que podía, uns poucos daban clases de idioma, xeografía, historia, literatura galegas. Rafael Dieste, Eduardo Blanco Amor, Alberto Vilanova, Ramón de Valenzuela, etc., ou eran sustituídos por fillos de galegos formados xunto a eles como Ricardo Palmás e outros. Lorenzo Varela pronunciou moitas conferencias sobre temas distintos, fundamentalmente sobor de arte, e, de entre éstas lémbrome particularmente da que pronuncióu no Museo de Bellas Artes de Buenos Aires sobor de Xenaro Pérez Villaamil, o noso gran pintor romántico, co gallo do seu centeario conmemorados somentes, que sepamos, polos galegos de Buenos Aires. Foi unha conferencia que lembran moitos, como se lembran as de Dieste sobor Velázquez e Edgar Poe, feitas pra unha entidade arxentina que axuntaba a escritores e artistas, a pouco de chegar a Buenos Aires. Lorenzo Varela, crítico de arte, chegou a ser unha das persoalidades literarias mais estimadas dos artistas arxentinos y entre os seus compañeiros escritores. Foi moi amigo de Eduardo Mallea, de Ernesto Sábato, de Julio Cortázar, etc. Fondo coñecedor dos problemas que plantexa a obra de arte nos nosos dias debeulle moito como fondamento das propias teorías ás páxinas de Baudelaire, ao Diario de Delacroix, e ás ideas estéticas no noso tempo as de Paul Klee e de Martín Heidegger. Poseía conceptos moi claros encol do cubismo e a os de escolas de arte moi achegados a nós, e de denantes, sobre o impresionismo e o expresionismo, as influencias que exerceron a finales do século XIX e comezos do XX denantes do cubismo, futurismo, constructivismo, a abstracción, etc. Mais sabía perceber as formas inéditas, o lingoaxe persoal que xurdía da obra de cada artista. Sabía que na obra déstes, como na propia do poeta e do escritor, nos derradeiros versos dos poetas ou párrafos dos prosistas, e no último repaso dunha obra déstes ou dos artistas, siguen sofrimentos e dúbidas, xa que a primeira ledicia de supoñer ter chegado ao fin do que se propuxo, dandoo por rematado, iníciase a etapa do descobrimento dos erros. O autor é, en canto da obra que dou por rematada, un permanente insatisfeito. Foi un deles e sabía, con Mayerhold, que "soio o diletantismo ignora a dúbida e a insatisfacción". Como crítico veía o descontento nos demais xa que él era un gran descontento de sí mesmo, do que él facía. Pra todos tiña en conta ese descontento. E con Paul Klee matinaba que "o arte non imita o visible, **crea** o visible". Escribíu e rachóu moito de canto escribíu. Foi un insatisfeito. Cada obra que facía, cada novo poema eu penso que se preguntaba, ¿pra qué? Nun intre atendía somente os compromisos cos amigos. Todo o que seguíu á última guerra convertíuno de certo xeito nun escéptico, marxinóuno. É moi difícil falar sobor desto porque, non embargantes, veía os problemas políticos con moita craridade, prevela moitos sucesos, e comprendía moitas voltas políticas creadas ás veces, pola necesidade de evitar males irreparables. Consultábano moitas xentes desorientadas en política e que fiaban da sua honestidade e bo senso. No novo apartamento onde vivía nun piso vinte, sobor dunha das vistas mais fermosas de Buenos Aires, gustou de facer algunha obra de carpintería, e a uns amigos comúns díxolles unha vez que tivese gostado de ser carpinteiro ou mestre de obras. Foi o gosto tamén de José Luis Romero, amigo seu, gran historiador arxentino, que mercou un banco de carpinteiro para facer algúns mobles pra sua casa, ou traballos en madeira pro xardín. Eu diría que Varela foi un home doutro tempo, que lle tivese gostado ter vivido no século XV ou no XVI. Todos somos xentes doutros tempos, e tamén dun século ou de unha Edade da que, no fondo de nós mesmos, non saímos, de unha edade mais remota, de homes cazadores que veneraban os boscos e a esa deusa, especie de Diana Cazadora céltica, ou Artemisa, que deu nome, asegún un filólogo celtista arxentino, a Arzúa.

El foi, ou procedeu, dun país de montaña e boscos, Monterroso. Ou dos séculos XV ou XVI, das grandes esploracións, aventuras e novos saberes.

ONTES

# Lembranza de Lorenzo Varela

(A Lorenzo Varela sempre o vexo con fondo de Lugo. A Catedral, a Muralla, os Cantós da Praza Maior, polos anos do trinta e dous e trinta e tres. Todos lle chamamos Xesús, o arxentino.

Iba pola nosa peña do Hielo-Bar, na rúa de San Marcos. Acompañábase de Manolo do Parque, de Ramón Piñeiro, Ramos Mesa, Pepe Gayoso...)

E pasaban días sin que lle botásemos a ollada enriba... Lorenzo Varela lía libros rusos, tan do seu gusto, como "Las ciudades y los años", "El año del hambre", "Caballería roja", "El Volga desemboca en el mar Caspio"...

Eran os tempos en que se fundara a Mocedade Galeguista en Lugo, aito no que participara.

Tamén acudía, ó cair da serán, a unha tertulia do café Español, sito na rúa da Reina. Un café inefabelmente galdosiano, con mesas de marbre, grandes espellos e divás de pano encarnado.

Unha serán fúmolo buscar eilí... Un pintor local estaba a recitar un poema de Rubén Darío:

"Tus labios escarlata, de púrpura maldita..."

Os que entrabamos votamonos a rir...

Lorenzo Varela braquicéfalo e tiña unha cara "leonina", o que se dí, de nachas anchas e ollos grandes e mouros.

Unha vez pergunteille que lle parecían os poemas de Miguel de Unamuno e, respondeume en castelán:

—Son poemas a puro... esfuerzo.

(Unha serán do mes de outono do ano trinta e catro estaba eu tomando café no antigo café Nemesio, que de verdade fora o primeiro que servira café exprés en Lugo, o ano vintecinco, cando apareceú Lorenzo...

—Agora mesmo me vou pra Madrid nun camión do pescado.

Levaba, por equipaxe, seu saco de lona cheo de libros e roupa...

E deixóu esquencido o seu chapeo na percha do café...)

No mes de maio do ano trinta e seis puiden ver na páxina bibliográfica do diario "El Sol", un artigo seu arredor do derradeiro libro de Rafael Alberti, "Verte y no verte".

E dempóis, a guerra civil e os longos anos de desterro dos lares... Chegaron a min os



poemas de LONXE, con tantas nostalxias de Galicia e de Lugo. Xa era un escritor feito e dereito. Como outros tantos escritores galegos, trunfara alá, por non tér tempo de trunfar eiquí.

E pasaron os anos e soupen dun viaxe-lostrego por España, con volta por Portugal. ¿Fuxía?..

E xa vai pra tres anos que estivo un día en Lugo, a cidade das súas máis agarimosas lembranzas.

Xantamos xuntos, il e a súa dona, con Clistro F. de la Vega e Isaac Díaz Pardo. Cáseque non tiñamos tempo pra tanto contar quites e nos rire... ¿E sería il posibel? ¡Alí estaba Lorenzo Varela!

Un escritor que tanto prometía e un amigo da nosa meirande estimanza.



# Sobre el misterio de Lorenzo Varela

ANTONIO SANCHEZ BARBUDO
Middleton, Wis. USA,
Marzo, 1981

Muy acertado me parece lo que del "misterio" de Lorenzo Varela, de su "ocultación enigmática", su preocupación por "evitar que alguien descifrase su ser", de su "reserva", dice Lidia Besouchet en su aguda nota preliminar a la edición que hizo Luis Seoane de los **Homaxes** de Varela (Edicios do Castro, La Coruña, 1979).

Mucho de esto hubo en él siempre. Sobre todo reserva, en ocasiones, aun con sus más íntimos amigos. Algo misterioso le veían, desde hace ya mucho, con sus inexplicables actitudes y decisiones, los que mejor le conocían, como los Dieste. Y misterioso tras sus silencios y explicaciones me pareció a mí, sobre todo en los primeros entrañables encuentros que tras una muy larga separación tuvimos, en Madrid y en La Coruña, un año antes de su muerte. Estaba, naturalmente, cambiado; y no sólo físicamente. Pero no tardé en descubrir, como suele ocurrir en estos casos, que en el fondo él seguía siendo el mismo. El mismo pero vencido, interiormente derrumbado, aunque lo disimulaba.

No poco de la aureola de misterio que envolvía a Varela se disipa, creo yo, si se tiene en cuenta **algo** que casi seguramente, me parece, fue la causa, o una de las causas principales, de su interna desintegración. Un como derrumbamiento, manifiesto tanto en lo que hacía como en lo que dejaba de hacer, que debió de tener lugar en Buenos Aires, hace ya muchos años.

Ese **algo** no era otra cosa, creo yo, que su agudo dolor por España, por sus camaradas muertos y, sobre todo, por haber perdido, y para siempre, una gran ilusión que él llevaba consigo en los días de lucha. De ello él habla, y muy explícita y repetidamente, en su bello primer libro de poemas, **Torres de amor**, publicado en 1942.

Conocí yo a Varela en Madrid en 1934, cuando él acababa de llegar de Galicia, huyendo de la represión. Intimamos pronto, a pesar de sus reservas. Era ya entonces Varela un muy activo, dedicado, serio revolucionario. Pocas veces me hablaba de eso, sin embargo. Pero hablábamos de otras muchas cosas, y me leía algunos poemas que ya escribía. Eran éstos, según recuerdo, poemas de estallante alegría, dionisíacos diríase, en que a menudo hablaba de romerías, danzas, campos y campesinos de su Galicia.

Cuando llegó la guerra participó en ella con gran intensidad. Su dedicación era completa, absoluta. Le movía una gran esperanza. Y vivía muy hondamente, según pude observar en más de una ocasión, la más auténtica camaradería; esa emocionante, trágica, "fraternidad viril" que se despierta a veces con la lucha, al luchar por algo grande. Daré un ejemplo de lo que quiero decir con esto último.



En la primavera de 1938, una tarde, tras larga y penosa búsqueda, entre explosiones, logré encontrar a Varela, en su puesto, muy cerca de la línea de fuego. La tensión que yo sentía en mí y a mi alrededor, la sensación de un peligro inminente, era algo que yo había vivido hasta entonces, en la guerra, sólo muy excepcionalmente. Estaba nervioso, temeroso, aunque trataba de disimularlo. Varela en cambio parecía sereno, muy tranquilo, muy contento de verme. Le acompañé aquella noche en la inspección que hizo de algunos puestos avanzados. El era el comisario y quería asegurarse de que, si ocurría el ataque en la madrugada, como se esperaba, todos iban a permanecer en sus puestos, hasta morir si era necesario. Iba hablando a los oficiales, muy cansados ya, uno a uno. Les hablaba como a camaradas, como a amigos. Les decía en voz baja pocas palabras amables, que expresaban confianza en ellos; pero les miraba fijamente a los ojos hasta convencerse de que la promesa que le daban no sería traicionada. No había órdenes ni ruegos. Era sólo un cerciorarse, una vez más, de que seguían aún firmes, clamando en el silencio y la soledad de cada uno, la lealtad mutua, la solidaridad de todos y el espíritu de sacrificio.

Pues bien, el recuerdo de compañeros como aquéllos, muertos ya, y el recuerdo de las ilusiones que con ellos se desvanecieron, es algo que entristeció profundamente, que atormentó a Varela durante todo el resto de su vida.

El 10 de febrero de 1939, Dieste, yo y otros que íbamos juntos encontramos a Varela cerca ya del campo de concentración en que iban a internarnos. Nos sacaron de allí semanas después, y a fines de mayo navegábamos juntos Varela y yo, en el **Sinaia** hacia México. Desembarcamos en Veracruz y allí empezamos a descubrir América. Ya en la capital de México, ayudado por mí y otros, él fue el verdadero creador de la revista **Romance**. Vivimos varios meses en la misma casa, con mi mujer y mi hija Virginia, a quien dedica un poema en **Torres de amor**. Y hablamos mucho por aquellos meses, claro es; pero poco de España. Esta era, sin embargo, la gran espina inarrancable en su corazón.

Ya en el núm. 5 de **Romance**, de 1 de abril de 1940, en el segundo de los artículos firmados que él publicó en esa revista, titulado "El siglo en el corazón" decía, en relación con España y recordando a Malraux, que el suyo era un esperar "desesperado". Una desesperación la suya "activa", encaminada "a la conquista de la esperanza", pues el corazón exige "la realización viva de lo soñado". Pero en verdad era ya la suya una interior lucha inútil, un querer creer en lo imposible. Y él, en el fondo, lo sabía.

En la primera de unas **Elegías españolas**, publicadas en noviembre de 1940, cuando ya habíamos sido expulsados de **Romance**, que se titula "Elogio del llanto" (incluida luego en parte en **Torres de amor**) empieza así: "Este dolor que canto / después de la batalla salvadora, / si suena a voz de llanto, / por el dolor no llora: / Llora porque, viril, perdió la aurora".

Meses después partió Lorenzo para Buenos Aires, y al año siguiente publicó allí su libro. En los primeros tiempos desarrolló en Argentina una gran actividad. Fundó varias revistas, escribía artículos, trabajaba para editoriales. Y se comunicaba a veces conmigo; hasta 1950 aproximadamente. Luego vino el gran silencio por su parte. Comenzaron a llegarme varias, confusas noticias sobre Varela que indicaban estaba pasando por una crisis, un como total desmoronamiento: borracheras, amores pasionales y violentos, conflictos con su partido... En 1954 me envió su hermoso libro de poemas en gallego, con ilustraciones de Seoane, lleno de melancolías, recuerdos, nostalgias y tristezas, **Lonxe**, con una dedicatoria que, a modo de explicación de su silencio, decía: "con un abrazo y muchos pliegos justificativos de mi solicitud de perdón". Evidentemente no quería, y quizás no podía, explicar lo ocurrido. Y luego vino un larguísimo silencio otra vez.

Mas como dije, creo que en **Torres de amor** puede encontrarse la explicación, en parte al menos, de todo ese extraño comportamiento; la raíz última, quizás, de su enfermedad, la cual prácticamente ahogó su voz poética.

Hay en ese libro muy bellas líricas canciones, poemas de amor y otros; pero lo que domina, lo que destaca siempre, lo que se mezcla a todo es el recuerdo triste de España. Dice al empezar, después del "Elogio del llanto", en "Siempre, España": "Desvelado de velar, perdida el alma, / vagabunda por campos incendiados, / llevo la muerte en mí, desesperada / de ver que mi esperanza no ha quemado". Y en el bellísimo poema final, "A Perpetua, mi madre", evocación nostálgica de su niñez y su inocencia, escribe:

.........................................

roza mi alma un ala dolorosa,
un tenebroso viento sin morada al final

.........................................

Esa tristeza lenta de campanario viejo,
llamando a muerte en grave tiempo triste,
y esa luz amarilla que da sobre las torres
un desvaído sueño a cada instante,
¡apártalos del alma y del aliento!

.........................................

Llamo al sueño feliz que hay en mi máscara
bajo su luna triste y derribada

.........................................

Venga a ti la alegría: galope a campo abierto,
vuelo de golondrinas en torno a la ventana

.........................................

Pero todo es mentira, yo también estoy triste,
Perpetua, madre mía, y no puedo olvidar

.........................................

y me quiebran la voz las ilusiones muertas

.........................................

¡España era una antorcha que llevaba
los hombres hacia el alba prometida!
Esta es la breve historia de estos años.
Después todo fue noche, noche desesperada.

.........................................

Por eso a veces parece invadirle un sentimiento de vacío, de muerte total. Dice en el último de los cuatro sonetos "Del ruiseñor": "Ya no canta ese pájaro que canta, / ...Y ha quedado tan mustio de repente, / tan huérfano este valle diamantino, / ...tan inmóvil el cielo peregrino, / tan oscura la luz y tan parada, / como si el mundo no tuviera sino / y la vida estuviera amortajada, / y todo fuera sueño sin destino / todo muerte sin alba, rebelada".

Y en el segundo de los "Poemas carnales", donde menos podía esperarse, se encuentran de pronto estos versos significativos, algo ominosos: "Hay veces que uno tiene en esta vida / ganas de irse al demonio / y pedirle el puñal de hoja mordida / ...(Todos somos a veces el criminal horrible, / ese santo canalla, / ese ángel de miedo irreprimible, / sin señales, sin valla, / sin alas que le acerquen lo imposible)".



Claro es que Varela no fue el único exilado que sufrió amargamente las consecuencias de la derrota aquella. Y de dolor parecido escribieron también otros poetas, como Alberto o Serrano Plaja. Pero en Varela evidentemente, por la forma quizás en que vivió él la guerra, la herida se cicatrizó peor que en otros, y se complicó además luego, probablemente, con otros males.

Cuando el encuentro muy cordial que tuve con él en Madrid en 1977, ocultaba a menudo, como siempre, con su ironía y una sonrisa levemente burlona, su gran emoción y su pena. Pero poco a poco me fue dejando entrever lo que le había ocurrido. Ahora trataba —aunque en vano, veía yo— de orientar de nuevo su vida, de encontrar un modo digno y tranquilo de vivir. Hablaba de planes que me parecían algo fantásticos, como aquél de instalarse en París y vivir allí haciendo traducciones de libros brasileños. Su salud no parecía muy buena, aunque él disimulara eso. Le preocupaba más la salud de Marika, su esposa, que iba a hacer, por aquel tiempo, un viaje breve a Buenos Aires. Me decía él que había dejado de beber, por prescripción del médico; pero yo le veía aún beber, aunque moderamente. Poco después, al parecer, volvió al alcohol. Cuando yo le preguntaba por qué no reeditaba sus poemas o publicaba los nuevos que tuviese, respondía sólo con bromas, con su sonrisa burlona. Llevaba, más adherida a su piel que nunca, su antigua máscara. Pero ésta le daba ahora un aspecto algo trágico. Y sin embargo adiviné más de una vez, oyéndole, mirándole, como una súbita, lejana llamarada; o el rescoldo quizás de aquel fuego antiguo suyo, de aquella gran ilusión perdida.

# Neira Vilas, dende a Habana, evoca a memoria de Lorenzo Varela e adícalle un baril e revolucionario aturuxo

XOSE NEIRA VILAS

Amigos:

Adhírome fervorosamente ó homenaxe que ese Ateneo rinde a Lorenzo Varela. Quero unir a miña voz á de tantos "bós e xenerosos" que evocan a memoria deste cantor da Galicia errante e magoada.

Estou convosco dende a Habana, ancho corazón dunha patria renacida pra a xustícia e a dignidade, moradía de centos de milleiros de galegos ó longo dun século de emigración. Traio a este xusto homenaxe a frauta dun sinsonte, o arrecendo da manigua e as guedellas souriles dunha palma real. En Cuba ollou a primeira luz o noso poeta, e desta terra caribeña levou incurabel saudade polos camiños do mundo, en demorados días de loita e de esperanza.

Xosé Martí dixo que "honrar, honra". Un pobo que recorda ós seus poetas revela a sua propia vitalidade. Con homenaxes así, Galicia afirma a forza e a dimensión do seu esprito.

O noso amigo deixóunos. Quédanos del o seu verso e o seu exemplo. Mellor que un laio, adiquémoslle nesta ocasión un baril e revolucionario aturuxo.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

# De Francisco Fernández del Riego ó amigo, ó home e ó poeta "que abríu no verso un rego inesquecible da terra e das sus xentes"

Estimado amigo:

Comprázome en me sumar ao merecido homenaxe que ese Ateneo lle rinde ao gran poeta e amigo Lorenzo Varela. Home valioso, desterrado a maior parte da sua vida, convivín con él horas inesquecibles en Buenos Aires e na terra dos seus devanceiros á que se reintegrara pouco tempo antes do seu pasamento.

Poeta, crítico de arte, xornalista de peculiar estilo, Lorenzo Varela pasóu unha chea de anos en cidades asfaltadas, lonxe das suas raíces labregas. Pero tivo sempre saudade dos arbres, dos prados e da montaña da sua comarca luguesa. Amaba os vellos camiños do país natal e a aquel Monte Cairón de Monterroso, que evocóu en circunstancias históricas moi singulares.

Rexo loitador en horas de angurias e desespero, mantivo sempre unha postura ética ao servicio da libertade e dun mundo mellor. No seu libro "Lonxe" fixo unha lírica baril, na lingua que adeprendera de neno. Abríu no verso un rego inesquecible da terra e das suas xentes. Hai nos seus poemas unha autenticidade galega, profunda e nova, e unha apertura de vieiros pra os mortos de pes lentos, enormes e asoballantes. Hai o espertar dunha corda das instancias que gardan as memorias do tempo que non se borra.

Era Lorenzo Varela home de ollos esquemáticos como un perfil, e voz arrecadadora como un coitelo. Un home de codia rexa e dura. A sua morte supuxo unha doorosísima perda pra cantos valorábamos a condición humana e a personalidade intelectual que o distinguían.

Nesta hora de homenaxe á sua memoria quérome facer presente, expresando o meu sentir devoto polo que foi como escritor e como home.

Un saúdo cordial.

# Lorenzo Varela, o home

Manuel LUEIRO REY

Neste xirar incensante da noria dos días donde a devoción do tempo consume a sua acción dunha maneira continuada, os feitos da realidade —sempre imprevistos— chégannos, ou coma un lustre intenso de lus o traveso da estreita rendixa do intre que vivimos pra alumearnos a ialma, ou coma unha puñalada trapera que con certeiro taxo nos racha o ánimo.

A morte de Lorenzo Varela, chegou hastra min coma ese taxo brutal, cuasi coma unha traición, que nin siquera permiteu que a ferida tivese sangue de puro xeada.

Soio facía unhos días que, o voltar eu de Buenos Aires, con íl falaba en Madrid das cousas autuais da su cibdade do exilio: as ausencias, as incertidumes, as durezas soportadas dunha represión de bestas, o sofrimento, o cansancio, i a enteireza facéndolle fronte a todo. E nesa acumulación de cousas humáns rachadas, a palabra de Lorenzo —palabra con fermidume, difícil ó erro, palabra de conclusións lúcidas— ía sinalando o valeiro que tódalas ditaduras producen de maneira inmisericorde, non sin que, no seu optimismo dosificado, no conocemento amplio que íl tiña dos problemas políticos (por algo foi, ós dezanove anos, comisario xeral das brigadas internacionales, cando España enteira batiuse en defensa da libertade do mundo) xuzgados con densa intensidade crítica, deixase aberta a porta da esperanza.

Eu conocín a Lorenzo Varela (unha das grandes sortes da miña vida) no ano 1968, na sala Kraft da calle Florida de Buenos Aires, con leituras de Vilches, Verona e Dora Price (autores tretais arxentinos) cando íl fixo a presentación dos meus libros "Manso" e "Vicente y el otro". Alí mesmo comezou isa amistade sólida que tería de xunguirnos na compaña de Luis Seoane, Rafael Dieste e Arturo Cuadrado, os catro ases dunha baraxa que tanto fixeron pola cultura en xeral e pola cultura galega en particular, sempre levando mui outa a bandeira da libertade do home.

No Buenos Aires de entón, alumeaban duas tertulias noitegas: unha na casa de Lorenzo, rúa Charcas 548, e outra na casa de Luis Seoane, rúa Montevideo 1985. Eran dous outos pisos —ó 20 i ó 13— dende donde se ollaba a Buenos Aires e o mundo, pois alí falábase de arte a niveis universais, de literatura, de política, de socioloxía, de ciencia, e sobor todo falábase de España, de Galicia, da dinidade do home. Os contertulios —españois e arxentinos— eran moitos, e podo lembrar antre tantos a Raúl González Tuñón, Paco Galán, Córdova Iturburu, Núñez Búa, Norberto Frontini, Rafael Dieste, Castagnino, Berni (Colmeiro xa entón estaba por París) e por suposto a Arturo Cuadrado. Daquel viaxe truxen como agasallo de Lorenzo, o seu libro "Lonxe", editado por "Botella al mar", con tapas e dez grabados en madeira de Seoane, e o limiar de Arturo Cuadrado, no ano mil novecentos cincuenta e catro, con ista fermosa adicatoria: "Pra Manuel Lueiro Rey, nas rúas de Buenos Aires, con xeito de irmán". Dende entón, levo no peito anacos de aquiles versos que Lorenzo lle adica "ós compañeiros da miña xeneración mortos ou asesiñados" que din:



Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol

"E gardo, coma un morto,
no centro do silenzo, da sede, da agonía,
o día que vos poda levar á sepultura
unha cesta de pombas e mazás.
¡Tan doce era a xuntanza miña e vosa,
de todos nos co mundo!"

No ano 1972, voltei a Buenos Aires. Lorenzo Varela, coa compaña de Raúl González Tuñón, de Cordova Iturburu e Arturo Cuadrado, fixo a presentación do meu libro de poemas en castelán "La noche espera el alba", e nél adícolle, "simpremente, coma un dicer que dice que hai un camiño vivo e noso", un poema que leva por títuo "Agonía de una voz amiga":

"Ouvinche decir un día:
Hoxe chegou gallopando, hastra a Pampa
no seu cabalo "Manso",
Manuel Lueiro Rey.
A sala Kraft, Florida, Buenos Aires.
Ouvincho decir, Lorenzo,
coa tua voz medida coma un río,
a tua voz enteira
coma unha rocha limpa que non cede
ás erosións do tempo.
A tua voz,
eternidade, vieiro,
latexo e lus,
espacio, larganza, vagantío,
abraiamento e sangue.
A tua voz, Lorenzo,
estatua dunha vida:
Saber morrer de morte lisa e llana.
A tua voz,
berro e sostén do home de Castela,
puñal para o verdugo.
A tua voz de onte,
a tua voz de sempre.
A tua voz de fogo, de ímpetu, de chama.
A mesma voz que soupo decirlle
ó noso pobo en armas:
"Loitemos: Está en perigro España..."

Son home.
Non podo xa esquencer as tuas palabras.

"Hoxe chegou gallopando, hastra a Pampa
no seu cabalo "Manso"...

(A sala Kraft, Florida, Buenos Aires)

Irmán:
No importa cando.

= = = = = = = = = = = = = = = = = = = = = =

Deixo praos críticos o xuicio da sua obra espallada coma poeta, coma periodista, coma crítico de arte, coma conferenciante, ensaista, traductor, e falarei somente do home que eu vin en Lorenzo Varela.

Lorenzo soupo, coa esperencia rachada na sua propia carne, que o quedarse en sombra os amenceres (ano 1939) alguén ia a calcar con brutalidade e saña o lugar dode toda fantasía tería de quedar coma unha landreira, que a outra banda da taipa, as nubens i os soños ian a ser devorados, e que soio un valeiro de ausencia, coma unha airexa fuxida e silenzosa, habería de ser a compaña no desterro. Mais na lembranza estaba viva un berro que non se arrequecía a isa paisaxe de morte, infindo paisaxe sin outeiros, e nese berro todos agardaban a cita do destino. Un día e unha noite, i outro día i outra noite, multiplicados por centos e centos de dias e noites. A lus espallada en neboeiro sobor o lombo. E a memoria vagaxeira seguía recorrendo os currunchos do tempo vivido, coma un insomnio transparente, pra decir que o sangue vertido era unha pinoca de ouro frorecendo na esperanza.

Lorenzo saibía que cando a realidade se nos vai antre os dedos coma auga que xamáis volta, a vida se sinte traicionada. Nosa misión coma homes entón —sostivo sempre— é non esquencer ca imaxen das cousas coma perspectiva certa da realidade, non é máis que un froito que medra e se sazoa na realidade mesma; e isa realidade da nosa propia vida, ten de ser unha lembranza do que un foi, do que un é, do que un ten que ser coma unha constante que nos define e nos xustifica. E decir: unha conduta, un xorne, unha irmandade. Por iso Lorenzo era un home do pobo, un home enteiro que tiña a certeza de que na rúa é donde a vida se esbara coma a auga dun río polo seu canle, donde tódolos días que nacen e morren determinan as condicións evidentes da mesma realidade, da nosa identidade, do que somos, da obriga da cada quen, sin furtar á dinidade e norde da sua brúxula, xa que a rúa é o concreto, o espóntaneo, a lexana lexanía de tódolos falsos valores que texen a utopía.

Eu aprendín de Lorenzo Varela que cando a palabra non responde á expresión do sentimento, a palabra máis que un doce canto que engada i enfeitiza, é coma unha garatuxa, coma un bruar da sensibilidade ferida. Hai que busca-la palabra espida, canto máis en coiro mellor —díxome sempre— porque a palabra así, é o mesmo que unha froita arrincada do arbre, que tendo ainda a vida quente do arbre, non ademite o lamazal enganoso dun culto desdobrado, ou farsa enbaucadora. Por iso sostivo sempre co verso ten de acomodarse á quentura do sentimento da colectividade, pra que a paixón i a ternura consigan os seus canles decisivos, pois só así a conducta do home adequire a sua pureza, a sua virxinidade, que é cando xa non é posibel o silenzo nas mans do poeta.

Un día escribínlle falando do tempo miserente que nos tocou vivir. Lémbrome que lle decía: Quixeron grabar con sangue a palabra morte sobor a auga azur do mar, i auga azur do mar borroulle a palabra. Quixeron, mordendo a terra cos seus dentes afiados de lobos



adoecidos, riscar carreiros imperecedeiros —salvaxe caligrafía do odio e da dor— pra que a palabra morte aparecese sobor os campos da nosa Galicia ceibe, i a herba, medrando, borroulle ises carreiros noxentes. Quixeron dar corpo a unha rolda duradeira de pantasmas sobor as noites de España. Quixeron facer cinza de todo, Lorenzo, de todo o noso, de todo o dos homes dinos, cinza sin borrallo, cinza derrubada pra sempre, arrasada... E soio atoparon o sol detrais das nubens rachadas coa sorrisa da vida que xamáis morrera.

Lorenzo, respostoume: "Nós sabiamos que xamáis nos afogarían as augas do demo, nin a amarguexada aventura sin descendencia. Tiñamos con nós unha maxia reveladora: a esperanza. A imaxen do tempo non perdoa a ninguén a sinal da sua conduta. A misión do tempo é camiñar sin repouso, camiñar, camiñar sempre, pra que o froito medre. Velahí están: mortos, sin ar nin lus nos ollos. Soio mortos. A nosa vida ainda é nosa.

Ese foi o home que eu vin en Lorenzo Varela, o amigo, o irmán, a ausencia irreparabel.

# Lorenzo Varela: O home, o poeta e o silenzo

XOSE A. PONTE FAR.

Buscando ao poeta, encontreime o home. Tentando coñecer o home, encontreime, de cheo, co silenzo. Un silenzo que latexaba tras dos seus versos, tras da vida de exiliado, tras das verbas dos seus amigos. Quizais todo ven da sua traxedia borgiana de non saber ser feliz no mundo que lle tocou vivir, de non saber arrepoñerse diante das cinzas dos seus ideais, que foron quedando espallados nas silvas dunha realidade distinta a que él soñaba. Quizais, porque o seu sino implacábel non lle deixou ser doutro xeito... Quizais, ¿quén o sabe?, porque un home que nace no mar, nun barco acingado por augas mornas do trópico, que navega cargado de temores, de soidades da terra nai, de mans dispostas para o traballo duro das Américas, tampouco poderia ser de moi diferente talante...

A sua segunda infáncia pasa-a en Galicia, e os seus ollos de rapaz desperto énchense de verdor, de brétema e do ar récio que baixa dos montes de Lugo. Os anos mozos ábrenlle o corazón a ideais nobres, mentres o seu espírito vaise angaiolando cos galegos silandeiros daqueles campos, coas mañáns de luz vestindo de froles aos outeiros, e coas tardes longas que recobren de ouro aos piñeiros... Galicia ficará aí, nas entrañas do home e na alma do poeta, e sempre será un recordo doce envolvendo unha realidade triste, que amornará a frialdade dos anos de exílio.

Pero este home xoven queria ser poeta, polo menos quería ser escritor. E chega a Madrid (1934), cun fato acugalado de ilusións, de frescura dos montes aldeanos, con rezume de inxenuidade e de... silenzo.

En silenzo vai dando os primeiros traspés, vai coñecendo o mundo das editoriais, dos escritores, do periodismo. Sabe escoitar aos que lle poden ensinar e axudar. Coñecerá a tristeza angustiada de Cernuda, a ledícia mariña de Alberti, a simpatia cosmopolita de Lorca, o brazo amigo dos paisanos Dieste, Seoane... Vive esas amistades desde a admiración por eles e desde... o silenzo. O camiño non é doado. Van aparecendo os primeiros traballos, periodista, crítico literário, pero todo en publicacións de pouca resoáncia.

E chegou a guerra. Era o intre axeitado para romper o silenzo, e saíeu do seu mutismo tímido e escudriñador. Era mui xoven, eran muitas as esperanzas, era a hora dos grandes ideais de xustícia e igualdade.

Viviu a loita fratricida das duas Españas desde as trincheiras republicanas, sempre en primeira fila, sempre coa esperanza posta nun mundo diferente ao outro lado da victória.



As ánsias anégan-se en bágoas, os ideais revolucionários encadénanse en anos de exílio. Os anceios limpos desfarrápanse, outra vez, en anos de silenzo...

Primeiro foi México (1939-42), coa creación de Revistas literarias, amistades fraternais (Sánchez Barbudo), esgrévios animadores para o seu acochado talento poético (Octavio Paz), pero o poeta que leva dentro segue a esperar, a aprender, a madurar... en silenzo.

Cando chega a Bos Aires, todo se lle antoxa grande. O rio da plata, manso e misterioso, abría diante da sua mocedade unha vida ancha e chea de inquedanzas... O camiño que se insinuaba na prácida espuma do rio, comeza a concretarse en feitos e en actividades: fundación de Editoriais ("Editorial Nova") con Luis Seoane e Arturo Cuadrado, de Revistas literarias ("De mar a mar"), con R. Dieste, Alberti e Francisco Ayala, "Cabalgata", "Nuevo Romance"; publicación do seu primeiro libro ("Torres de amor", 1942). Empeza a falar o poeta.

Pero o silenzo non desaparece: buscará os arquivos íntimos dos versos para ocultarse, para facerse notar desde alí. A sua poesía móstrase irregular, escurridiza, saltando entre o ritmo e os fonemas, do amor a nostalxia, da tristura ao entusiasmo por disfrutar a vida. Pero detrás, mui no fondo de todo isto, latexa a pena silandeira dunha sorte frustrada, a mágoa dunha guerra perdida, a dor dos compañeiros feridos e a frialdade dos amigos mortos. A pena anidara, xa para sempre, no regazo do seu silenzo.

Métese, con todo o seu entusiasmo, no mundo do periodismo; convírtese en crítico de Arte —alguns poemas seus poñen un son lene e galego aos récios grabados de L. Seoane—, conferenciante de fácil palabra, vivindo entre a ironía de non encontrarse a si mesmo, a actividade de cotío e o escepticismo conxénito, Lorenzo Varela da a impresión de que olvidou a traxedia, que a vai afogando no paso do tempo e da nova vida deste Bons Aires cosmopolita. Pero todo volve, o que paresce sulagado pola vida activa, rebélase desde o fondo dos recordos enmorrentes...

## POETA EN GALEGO

"Lonxe" é o libro dun poeta galego que sinte a Galicia, o seu drama e a sua história, sin perder ao lexos a realidade semellante de toda España. Fálase da parte pero en relación ao todo.

As raíces do seu verso hai que buscalas nos troveiros galego-portugueses, na sinxeleza do decir de Gil Vicente, nos cadros naturais de Rosalía e Pondal. A protesta seria é a mesma dos grandes rebeldes, como Castelao, Bergamín ou Cernuda. A xusteza das suas palabras enlázase, tamén, coas dos grandes devanceiros.

Galicia lonxe, adormecida en longas noites de xelo, a lembranza da sua xente, que está a sofrir o atraso e illamento, os verdes campos nos que sempre trasviu calor de entrega e humanidade. Estes son os temas que se fan poemas, nunha lingua fresca e sinxela.

Pero, como sempre, en cada remanso desta poesía galega, xurden a coraza do silenzo e o mistério sinuoso en cada palabra lene ou enfebrecida.

## ESTETICA

Hai poetas que, como mellor poden definirse, é renunciando a facelo. A estética dalguns é a carencia dunha estética determinada e concreta. A Lorenzo Varela cádranlle es-

tas afirmacións. A temática da sua poesía é variada, non hai temas monocordes. A sua sensibilidade poética é capaz de convertir en boa poesía, desde esceas de guerra vividas nas trincheiras, hastra o recordo idílico do mundo helénico, deslumbrante de beleza e de glória, pasando por lenes e tremorosos recordos de amor, ou as sensacións de dor do eixiliado, ou a tristura da lembranza que o leva a falar de Castelao, de Galicia, do seu verdor e da sua xente, da traxédia dos seus emigrantes, da esperanza nos tempos por chegar...

Poeta, pois, sensíbel a muitos motivos, aberto a todos os ventos poéticos, a todas as frores de todos os hortos.

Pasou pola vida tentando vivir todo o que lle mostraba importante: a xustícia dos homes cos outros homes, a beleza da sua terra, os sentimentos nobreis do seu corazón, a curiosidade que sentía polo mundo da cultura e do arte. Nunca se olvidou de que era home, e soupo mui ben que os homes sofren, e que padecen desilusións, e que, as veces, vense anegados por un silenzo denso e pesado. E entón xurden as resoáncias do vacío, os estertores da tristura.

Este home que nacéu no silenzo dun mar adormilado, que viviu en silenzo un exílio de traballos, e desespranzas, morréu no silenzo de todos frente a sua obra. Que falen agora a entrega da tua vida, a sinceridade dos teus versos, o amor a tua terra e as suas xentes, Lorenzo Varela.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

# Artículo inédito de Lorenzo Varela sobre a obra da escultora Noemí Gerstein —tía da sua muller— única académica de Bellas Artes na Arxentina

LORENZO VARELA

En realidad, lo arcaico y lo moderno están unidos por algo primordial: la desesperada ansiedad del alma por encontrar la seguridad, la dramática búsqueda de un destino que lo reconcilie con el enigma de la existencia. El hombre de la era arcaica, como el hombre actual, tuvo por compañía la catástrofe y uno de sus horizontes fue el de la desaparición. Para soportar la tensión frente al abismo, frente a la nada que parecía ser todo cuanto había detrás de las formas, dejó que la ironía —ese repliegue sobre la conciencia, que es como un alto que no interrumpe la marcha— fuera el ángel benigno de su soledad. Y pobló el espacio de símbolos, creando en torno a si una asamblea de potencias, concretadas en formas —desde la danza y el canto a la escultura y el sacrificio— capaces de asegurar su identidad contra las energías desatadas para desintegrarlo.

Mirando ciertas obras de Noemí Gerstein comprenderemos que la ironía que vemos en las esculturas de todas las civilizaciones primitivas —en el sentido de estar al borde del cataclismo— es una forma de expresar la complicidad con lo sagrado, de atenuar el terror a las cosas dotadas de poderes invisibles.

En una palabra, de dar expresión al sentimiento trágico de la vida, sin que al hacerlo nos aniquilemos. Es una pardógica unión del amor con el humor, una extraña alianza de la serenidad con la congoja, del equilibrio con el desorden. Dicho de otro modo, el intento apasionado y lúcido de reordenar las cosas.

Como formas que se levantan desde la catástrofe, trabajadas por todos los fuegos, castigadas por todas las agresiones, hirientes y tiernas, solas en el espacio que las une y las separa, buscando la caricia de una luz que todavía no tiene nombre, los paisajes escultóricos, de Noemí Gerstein, con formas en las que palpita todavía el corazón del volcán, son para mí, en el campo de la escultura, una radiante concreción del paisaje mental de

nuestro tiempo. El artista no lo ha buscado, pero es expresivo que la serie sea seguida por una "victoria alada", tatuada en el campo de batalla, surgida a través de mil y una derrotas, con el ala empapada todavía en la memoria del desastre. ¡Qué lejos de la belleza olímpica de la samotracia! ¡Qué cerca de los misterios órficos, de la salida al espacio amado desde los abismos, del regreso victorioso del infierno!

En unos casos bajo el signo de la abstracción geométrica, en otros de la abstracción expresionista, parece increíble que esos pequeños restos de bronce industrial, soldados, surjan a pesar de la ascética composición que los enlaza, con una carga tan avasalladora de energía comunicativa que no muere en la información, que no se agota sino en el acto de comulgar con su forma.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

# LUIS SEOANE

# Lorenzo Varela: O home, o poeta e o silenzo

XOSE A. PONTE FAR.

Buscando ao poeta, encontreime o home. Tentando coñecer o home, encontreime, de cheo, co silenzo. Un silenzo que latexaba tras dos seus versos, tras da vida de exiliado, tras das verbas dos seus amigos. Quizais todo ven da sua traxedia borgiana de non saber ser feliz no mundo que lle tocou vivir, de non saber arrepoñerse diante das cinzas dos seus ideais, que foron quedando espallados nas silvas dunha realidade distinta a que él soñaba. Quizais, porque o seu sino implacábel non lle deixou ser doutro xeito... Quizais, ¿quén o sabe?, porque un home que nace no mar, nun barco acingado por augas mornas do trópico, que navega cargado de temores, de soidades da terra nai, de mans dispostas para o traballo duro das Américas, tampouco poderia ser de moi diferente talante...

A sua segunda infáncia pasa-a en Galicia, e os seus ollos de rapaz desperto énchense de verdor, de brétema e do ar récio que baixa dos montes de Lugo. Os anos mozos ábrenlle o corazón a ideais nobres, mentres o seu espírito vaise angaiolando cos galegos silandeiros daqueles campos, coas mañáns de luz vestindo de froles aos outeiros, e coas tardes longas que recobren de ouro aos piñeiros... Galicia ficará aí, nas entrañas do home e na alma do poeta, e sempre será un recordo doce envolvendo unha realidade triste, que amornará a frialdade dos anos de exílio.

Pero este home xoven queria ser poeta, polo menos quería ser escritor. E chega a Madrid (1934), cun fato acugalado de ilusións, de frescura dos montes aldeanos, con rezume de inxenuidade e de... silenzo.

En silenzo vai dando os primeiros traspés, vai coñecendo o mundo das editoriais, dos escritores, do periodismo. Sabe escoitar aos que lle poden ensinar e axudar. Coñecerá a tristeza angustiada de Cernuda, a ledícia mariña de Alberti, a simpatia cosmopolita de Lorca, o brazo amigo dos paisanos Dieste, Seoane... Vive esas amistades desde a admiración por eles e desde... o silenzo. O camiño non é doado. Van aparecendo os primeiros traballos, periodista, crítico literário, pero todo en publicacións de pouca resoáncia.

E chegou a guerra. Era o intre axeitado para romper o silenzo, e saíu do seu mutismo tímido e escudriñador. Era mui xoven, eran muitas as esperanzas, era a hora dos grandes ideais de xustícia e igualdade.

Viviu a loita fratricida das duas Españas desde as trincheiras republicanas, sempre en primeira fila, sempre coa esperanza posta nun mundo diferente ao outro lado da victória.



As ánsias anégan-se en bágoas, os ideais revolucionários encadénanse en anos de exílio. Os anceios limpos desfarrápanse, outra vez, en anos de silenzo...

Primeiro foi México (1939-42), coa creación de Revistas literarias, amistades fraternais (Sánchez Barbudo), esgrévios animadores para o seu acochado talento poético (Octavio Paz), pero o poeta que leva dentro segue a esperar, a aprender, a madurar... en silenzo.

Cando chega a Bos Aires, todo se lle antoxa grande. O rio da plata, manso e misterioso, abría diante da sua mocedade unha vida ancha e chea de inquedanzas... O camiño que se insinuaba na prácida espuma do rio, comeza a concretarse en feitos e en actividades: fundación de Editoriais ("Editorial Nova") con Luis Seoane e Arturo Cuadrado, de Revistas literarias ("De mar a mar"), con R. Dieste, Alberti e Francisco Ayala, "Cabalgata", "Nuevo Romance"; publicación do seu primeiro libro ("Torres de amor", 1942). Empeza a falar o poeta.

Pero o silenzo non desaparece: buscará os arquivos íntimos dos versos para ocultarse, para facerse notar desde alí. A sua poesía móstrase irregular, escurridiza, saltando entre o ritmo e os fonemas, do amor a nostalxia, da tristura ao entusiasmo por disfrutar a vida. Pero detrás, mui no fondo de todo isto, latexa a pena silandeira dunha sorte frustrada, a mágoa dunha guerra perdida, a dor dos compañeiros feridos e a frialdade dos amigos mortos. A pena anidara, xa para sempre, no regazo do seu silenzo.

Métese, con todo o seu entusiasmo, no mundo do periodismo; convírtese en crítico de Arte —alguns poemas seus poñen un son lene e galego aos récios grabados de L. Seoane—, conferenciante de fácil palabra, vivindo entre a ironía de non encontrarse a si mesmo, a actividade de cotío e o escepticismo conxénito, Lorenzo Varela da a impresión de que olvidou a traxedia, que a vai afogando no paso do tempo e da nova vida deste Bons Aires cosmopolita. Pero todo volve, o que paresce sulagado pola vida activa, rebélase desde o fondo dos recordos enmorrentes...

## POETA EN GALEGO

"Lonxe" é o libro dun poeta galego que sinte a Galicia, o seu drama e a sua história, sin perder ao lexos a realidade semellante de toda España. Fálase da parte pero en relación ao todo.

As raíces do seu verso hai que buscalas nos troveiros galego-portugueses, na sinxeleza do decir de Gil Vicente, nos cadros naturais de Rosalía e Pondal. A protesta seria é a mesma dos grandes rebeldes, como Castelao, Bergamín ou Cernuda. A xusteza das suas palabras enlázase, tamén, coas dos grandes devanceiros.

Galicia lonxe, adormecida en longas noites de xelo, a lembranza da sua xente, que está a sofrir o atraso e illamento, os verdes campos nos que sempre trasviu calor de entrega e humanidade. Estes son os temas que se fan poemas, nunha lingua fresca e sinxela.

Pero, como sempre, en cada remanso desta poesía galega, xurden a coraza do silenzo e o mistério sinuoso en cada palabra lene ou enfebrecida.

## ESTETICA

Hai poetas que, como mellor poden definirse, é renunciando a facelo. A estética dalguns é a carencia dunha estética determinada e concreta. A Lorenzo Varela cádranlle es-

tas afirmacións. A temática da sua poesía é variada, non hai temas monocordes. A sua sensibilidade poética é capaz de convertir en boa poesía, desde esceas de guerra vividas nas trincheiras, hastra o recordo idílico do mundo helénico, deslumbrante de beleza e de glória, pasando por lenes e tremorosos recordos de amor, ou as sensacións de dor do eixiliado, ou a tristura da lembranza que o leva a falar de Castelao, de Galicia, do seu verdor e da sua xente, da traxédia dos seus emigrantes, da esperanza nos tempos por chegar...

Poeta, pois, sensíbel a muitos motivos, aberto a todos os ventos poéticos, a todas as frores de todos os hortos.

Pasou pola vida tentando vivir todo o que lle mostraba importante: a xustícia dos homes cos outros homes, a beleza da sua terra, os sentimentos nobreis do seu corazón, a curiosidade que sentía polo mundo da cultura e do arte. Nunca se olvidou de que era home, e soupo mui ben que os homes sofren, e que padecen desilusións, e que, as veces, vense anegados por un silenzo denso e pesado. E entón xurden as resoáncias do vacío, os estertores da tristura.

Este home que nacéu no silenzo dun mar adormilado, que viviu en silenzo un exílio de traballos, e desespranzas, morréu no silenzo de todos frente a sua obra. Que falen agora a entrega da tua vida, a sinceridade dos teus versos, o amor a tua terra e as suas xentes, Lorenzo Varela.



Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879

# Artículo inédito de Lorenzo Varela sobre a obra da escultora Noemí Gerstein —tía da sua muller— única académica de Bellas Artes na Arxentina

LORENZO VARELA

En realidad, lo arcaico y lo moderno están unidos por algo primordial: la desesperada ansiedad del alma por encontrar la seguridad, la dramática búsqueda de un destino que lo reconcilie con el enigma de la existencia. El hombre de la era arcaica, como el hombre actual, tuvo por compañía la catástrofe y uno de sus horizontes fue el de la desaparición. Para soportar la tensión frente al abismo, frente a la nada que parecía ser todo cuanto había detrás de las formas, dejó que la ironía —ese repliegue sobre la conciencia, que es como un alto que no interrumpe la marcha— fuera el ángel benigno de su soledad. Y pobló el espacio de símbolos, creando en torno a si una asamblea de potencias, concretadas en formas —desde la danza y el canto a la escultura y el sacrificio— capaces de asegurar su identidad contra las energías desatadas para desintegrarlo.

Mirando ciertas obras de Noemí Gerstein comprenderemos que la ironía que vemos en las esculturas de todas las civilizaciones primitivas —en el sentido de estar al borde del cataclismo— es una forma de expresar la complicidad con lo sagrado, de atenuar el terror a las cosas dotadas de poderes invisibles.

En una palabra, de dar expresión al sentimiento trágico de la vida, sin que al hacerlo nos aniquilemos. Es una pardógica unión del amor con el humor, una extraña alianza de la serenidad con la congoja, del equilibrio con el desorden. Dicho de otro modo, el intento apasionado y lúcido de reordenar las cosas.

Como formas que se levantan desde la catástrofe, trabajadas por todos los fuegos, castigadas por todas las agresiones, hirientes y tiernas, solas en el espacio que las une y las separa, buscando la caricia de una luz que todavía no tiene nombre, los paisajes escultóricos, de Noemí Gerstein, con formas en las que palpita todavía el corazón del volcán, son para mí, en el campo de la escultura, una radiante concreción del paisaje mental de

nuestro tiempo. El artista no lo ha buscado, pero es expresivo que la serie sea seguida por una "victoria alada", tatuada en el campo de batalla, surgida a través de mil y una derrotas, con el ala empapada todavía en la memoria del desastre. ¡Qué lejos de la belleza olímpica de la samotracia! ¡Qué cerca de los misterios órficos, de la salida al espacio amado desde los abismos, del regreso victorioso del infierno!

En unos casos bajo el signo de la abstracción geométrica, en otros de la abstracción expresionista, parece increíble que esos pequeños restos de bronce industrial, soldados, surjan a pesar de la ascética composición que los enlaza, con una carga tan avasalladora de energía comunicativa que no muere en la información, que no se agota sino en el acto de comulgar con su forma.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

UIS SE


muller de Seoane
con formas sin
dono.

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

# A Luis Seoane, artista de Galicia e pra Galicia

Luis Seoane foi un grande e fecundo artista que viviu decote pendurado sobre Galicia á que amou e defendeu con fondura e autenticidade.

Hai moitos xeitos de amar e defender á terra de ún, ao seu sagro ser. Coido que o máis valioso, ou dos máis valiosos, é aquel que consiste en crear obra de beleza. Obra que, en realidade, o que fai é suscitar a terra nai desde un ámeto transcendente, compre decir, desde un ámeto non perecedeiro. Pasan as sazóns históricas, pasan as preferencias filosóficas, pasan, e aínda se superan, os achádegos científicos, pro o que o Arte conqueriu, eso non pasa. Rosalía velahí está, ricaz e viva, onte como hoxe, e hoxe como mañán. Luis Seoane velahí está, permanente e alertado cabo de nós.

Por outra banda, esa persistencia inesquecible da obra de arte dá a coñecer nos nosos eidos, e fora deles, a sustancia mesma da patria, a sustancia mesma desta Galicia, dese modo dignificada.

É, por ende, bó e benemérito, celebrar a memoria de quen nos gasallou con tanta memoria colectiva. É, por ende, atinado e acreedor a toda loubanza, celebrar a figura de quen soergue a faciana da nosa terra a outuras desde as que pode ser ollada por milleiros de personas que pra ela fitan desde a lonxanía, desde o recordo e desde a espranza.

Saúdo ao Ateneo Ferrolán e remeso, con estas liñas, a miña adhesión e a miña amistade.

Domingo García-Sabell.

# Na brétema, unha voz...

VALENTIN PAZ ANDRADE

*A Luis Seoane,*
*in memorian.*

Xa bogas, sin fardel, na brétema sin horas,
intrémula bandeira na arcada de outra mar,
a nosa sombra ollando por buraco estear,
rachada nos carreiros abruñados de amoras.

Contigo levas fachos para novas auroras,
e deixas a Galiza n-un cego navegar,
co destiño atrapado na pouta moncloar,
debruzada de novo na ponte das deshoras.

Xa semellamos moucos eixiliados na Terra,
con segunda hipoteca na nosa libertade.
Solo o ronsel que canta dos mortos nos acentos
nos devolve a esperanza a que o home se aferra,
nos ergue ate as almeas da moura soedade,
onde ainda agardamos teu mensaxe nos ventos.

Vigo, Maio, 1980

V. Paz Andrade



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

## Homenaxe a Luis Seoane: a miña adhesión

É tal o conxunto de virtudes
éticas, políticas e intelectua-
les que concurren na bio-
grafía, rica e auténtica, de
Seoane, que sería unha
vergonza non adherirme a
este e ós mil homenaxes
que merece.

Galicia ten pouca sorte
porque Seoane morreu
cando aínda estaba vivo
e novo.

Non é neste instante a amis-
tade a que me fai afirmar
que Seoane está entre os
primeiros nomes da historia
cultural de Galicia.

Eu adhírome, conmovido, a
este homenaxe.

Xesús Alonso Montero

Vigo, maio, 1980.

# Luis Seoane

Avelino Pousa Antelo

Home polifacético, galego universal, bo e xeneroso, loitador pola libertade, pola nosa Terra, pola nosa cultura, pola nosa xente, polo noso arte e pola nosa economía.

Poeta, xornalista, escritor, dibuxante, pintor, ceramista...

Artista de sona mundial, foi sobre todo un gran corazón, un gran corazón ó servicio da causa de Galicia dende os seus tempos de estudante en Compostela.

Viviu a cabalo de dous mundos levando na frente a estrela da galeguidade.

A figura senlleira de Luis Seoane, semella a dun home do renacemento, enaltecida polo seu fondo humanismo e pola defensa da verdade e da xusticia que xunto ca galeguidade fan a gran triloxía da sua vida.

Pra min, pra os galeguistas, Seoane é un facho, unha lumeira, un exemplo a imitar e a honrar como se merece. E un máis a longa ringleira da Alba de Gloria que soñara Castelao.

Contade ca miña afervoada adhesión e solidaridade pra vosa iniciativa de honrar a Luis Seoane.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

# Luis Seoane en Compostela

A raiz da sua morte, escrebin unhas páxinas sobre Luis Seoane nas que, máis que unha análise da obra do artista, que non me compete, ou unha valoración dos seus escritos, que estaría fora de lugar, facia unha evocación da sua presenza na Compostela da nosa mocedade; pois, dunha mesma edade os dous, cursando os dous a mesma carreira, circulando polos mesmos claustros e polas mesmas ruas, houbo entre nós, durante toda a vida, unha amistade fundada nas mesmas vivéncias dos anos en que se estrutura definitivamente a fasquia do home. Nesas páxinas evoco tamén o noso recontro, en Lugo, despois de moitos anos de forzada separación.

Mais é a de agora a separación definitiva. Para velar a crua luz da verdade, a verdade da sua auséncia, só dispoñemos da sua obra e do seu recordo. Sumo-me de corazón ao recordo da sua obra que propugna o Ateneo da cidade en que nacin, homenaxe de amor e de admiración ao grande artista e xeneroso amigo.

## Ateneo do Ferrol
### Homaxe a Luis Seoane

A obra artística de Louis Seoane foise desenrrolando nas divesas ramas das Artes Plásticas: pintura, grabado, dibuxo, etc. En todas puxo a sua grande intelixencia, o mesmo que nas diversas actividades literarias e editoriales. A Seoane hai que recoñocerlle o entusiamo fervoroso por todo canto era arte, e por todo canto era Galicia. En este conxunto de actividades hai que valorar a sua obra. Foi dos homes que mais fixeron por ~~por~~ espallar e poñer en valor a cultura galega, sobretodo cando estivo na Argentina, e por canto ten de eterno a verdadeira cultura popular. Pois grande obra é unir os coñocementos do artista ó saber do seu pobo. Estimemos pois a este grande amante da cultura e do pobo que foi Luis Seoane.

Manuel Colmeiro

Paris, Marzo 1981





Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204. Ferrol
www.ateneoferrolan.org

# O que a obra de Luis Seoane siñifica pra nos

DIAZ PARDO

Polo final da década do 20 Luis Seoane, estudante en Santiago de Compostela, aparece loitando ao lado das causas progresistas, entre as que está a recuperación da personalidade histórica de Galicia. Seoane figura xa entón identificado có que hoxe chamamos a vangarda histórica, o constructivismo, o cubismo, o dadaismo, o concretismo, o racionalismo, que acompañaron ao pulo progresista que empezou a modificar niste século a relación social do mundo, ainda que moitos de istes movementos e das personas que os crearon e empurraron fosen logo feridos pola contradicción interna do home, pasando a ser utilizados pola especulación, namentras, en moitos casos, pasaban a ser desentendidos por quenes habían sido os verdadeiros destinatarios das suas ideoloxías.

En 1936 Luis Seoane está na Coruña exercendo de abogado (a profesión que querian os pais e que o fillo acepta respetuoso) defendendo obreiros dende o seu despacho laboralista. Cando estala a guerra Luis está defendendo o Goberno Civil da Coruña. A súa nacionalidade arxentina o salva pro ten que sair a pelengrinar polo mundo coma lle tocou en sorte a máis da mitade dos intelectuais que tiña España. Eisilado na Arxentina sigue loitando coa súa obra gráfica e literaria. Velahi están as "Estampas de la traición", "Las paradojas de la torre de marfil" e ise libro "Fardel de eisilado" que marcará un hito non xa na poesía galega senon en todo o pensamento galego.

Namentras o seu compromiso social se afirma a súa obra plástica empeza a recibir en todas partes o recoñecemento dunha gran obra de vangarda concebida con grande rigor. A tentación dos recoñecementos non torcen a conducta de Seoane en cuio horizonte de servicio seguirán as causas xustas e Galicia entre elas. Entre a súa monumental obra gráfica, pictórica, mural, editorial, literaria, en 1954 crea "Galicia Emigrante" que é coma un restablecemento da comunicación entre a Galicia metropolitana e a Galicia ultramarina. Mais non para acó o seu compromiso porque axiña aparece "Na Brétema, Santiago", e "As Cicatrices", e finalmente en 1972 "A Maior Abondamento" que representan alegatos contra a inxusticia, producidos con unha linguaxe nova e sempre renovada.

Tanto que escriba ou pinte, grabe ou faga cerámica, Seoane entrega unha obra coerente, enchida de sabiduría e de compromiso co pensamento máis moderno e inédito, de xeito que vai abrindo camiño, pro tamén recollendo a tradición máis esencial de Galicia. A plástica máis moderna que tiña Galicia, é que ten pois que a obra de Seoane non morre, incorpora sorprendentemente elementos medievais, como queréndonos indicar, que ao lle ir

sacándo superestructuras incorporadas nas formas galegas, nas formas totales, non só nas plásticas, o esencial espíritu de Galicia hai que ilo a recoller na identidade que perdimos a finales do século XV, e deixarse de andar recuperando formas posteriores que de feito o que representaron foi o sometemento de Galicia a outros poderes alleos.

Penso que a comprensión do verdadeiro siñificado da obra de Seoane irá abríndose paso co tempo. Sobre todo a obra fundamental que está por riba de todas as contradiciós e de todas as servidumes humáns. Han de aparecer voces, que as veces poden ser ben intencionadas pero sempre equivocadas, e outras veces claramente dispostas a comerciar, que tratarán de ocultar o verdadeiro siñificado da obra de Luis Seoane, ou querendo deixar pasar só o seu sistema estético, é decir resaltando só as suas virtudes esteticistas, máis a plástica diste home, a súa voz poética e a súa linguaxe ética e estética eran tan consustanciais co seu compromiso humán que estou seguro que nono conseguirán.



Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204. Ferrol
www.ateneoferrolan.org

# Luis Seoane, no seu peregrinaxe

MANUEL LUEIRO LORES

Ás veces o mar perde os seus hábitos, a sua lealtade de aperta que o conforma, suas terras chás, suas montañas, onde o mundo se copia, i o seu cór i o seu ulido medrando cada día. Un ano i outro ano acalmando as letras do seu nome, unha agarda i outra agarda. Hastra que nun intre, que ten toda a larganza do universo, o mar volta sobor si mesmo e dase vida, facéndonos entrega da sua roseira máis fonda. Entón é xa, a sua orixe, a sua palabra, o seu tempo. O mar, nun intre, faise infindo coma un soño.

Á percura desta perpetuidade, empregouse Luis Seoane con todo o asaño ou rabecha do seu sangue, e foise facendo xangal i outro, antre as suas noites ocupadas, mentras o tempo dibuxaba no seu talante unha vixía de vagar chea de sabencia.

Seoane creeu entreollar algún ponto de lus na sua pescuda. Abrazado á madeira, ó lenzo, á nostalxia, á sua palabra medrada no silenzo, atingue a conquistar isa revelación da pureza. Unha vez virxin polo marmurio da existencia, ulisquea, escrebe, pinta, crea isa axuda de ollar, isa lucencia que a soidade lle concede. Seoane atingue a defrontarse a si mesmo e faise bó.

Eu penso que é isa bondade grande e natural a que mellor define a Luis Seoane coma home e coma artista, a que lle da sentido a ise longo peregrinaxe polos pozos máis fondos, máis íntimos da vida.

Desa bondade (coma do pan que no fondo é todo alimento) van xurdindo as ponlas i as airexas da sua arte. Un primitivismo máxico e lírico, non buscado, tocado. Unha sinxeleza que fai medrar as suas mans de neno hastra a mesma beira da creación. Isa virxinidad i ocupación enteira do traballo, esa teima da nenez, dan á sua vida un voo escrutador, i estampan na sua pintura o que de perpetuidade e candura hai na onda, na paisaxe, na imposibel cegueira, nos ollos, sempre nos ollos.

Tamén está percorrido a sua arte por unha preocupación social. En realidade, unha vez esquencida a morte nese mar do milagre, nesa eternidade, un home é xa tódolos homes, unha vinganza é tódalas vinganzas, i unha soia inxusticia lixa a toda a humanidade. E Seoane, sábeoo. E obediente ó mandado que lle chega do fondo de si mesmo, íl, é os demáis. Ista preocupación dalle propiedade a sua arte, ainda que a primeira ollada poidera somellar cas suas pinturas morren en si mesmo. Toda a sua arte leva consigo un humán patetismo (sempre hai unha anguria nos seus lenzos, un ollar perguntando, unha materia que a vai acadar a esencia) por un principio inmutable ("eu son ise que está no cadro; eu son ise neno; eu son isa praia; eu son isa nai", parece estar decíndonos o artista da so-

guido) mentras camiña por un carreiro, sin outra alternativa posibel, en percura permanente da xusticia.

Non faltan en Seoane unha marguranza sin estrondo i un lecer non concretado. Son istes os distanciamentos que se fan inevitábeles nél pra poder sairse do cadro, da realidade, e pintar, pra non sentirse empurrado a coller outras armas que non sexan o pincel. Esta lucencia con tristura, ista coutado lecer, déixano limpo pra poder enfrentarse coa brancura do lenzo.

A bondade é en Seoane un sol e unha lúa herdados da orixe sin orelas do tempo. Un silenzo que expresa a verdade. Unhos ollos (que son sempre os ollos do artista) recreando a sorpresa, en pergunta homildosa de dous universos, frente a frente, que son un mesmo universo.

E perciso reparar nun intre (unha eternidade) neses ollos que deten Seoane, que deixa xurdir á superficie dende a intimidade total da existencia. Ises ollos, son tódolos ollos, son a innecesaria espricación do universo, son a vida. O segredo no se lixume por ises dous gorgullóns de dozura, por isa propiedade da existencia. O segredo xa non importa. Ainda cando o pintor ofrezca nas suas teas planas testas sin riscos esluidas na profundidade da paisaxe, está pintando ollos, sempre os seus ollos, como un craro morto que é xa, sempre os seus ollos. Universo, ollos, e o artista, sinxelamente en pé, sendo a materia, a lava, o tempo artesanal dunha vixilia permanente. Luis Seoane é un buceador na lenta verdade que se fabrica, pinga a pinga, século a século. Luis Seoane, é a ética do tempo.

Hai un autorretrato do artista no que a faciana chega dende o fondo da taipa que o deten un intre en aititude de querer camiñar, seguir camiñando. Está frente a si mesmo con unha neutra serenidade, con unha insobornabele decisión. Unha man toca o queixo como sostendo a lealtade da testa. O artista, Luis Seoane, xa é o seu propio tempo. Entón, soio queda no ar a marmurio dos seus versos:

> "Mais un día voltarei, derrubado e a vez afirmado po-lo tempo en moitedume
> con todo-los que arráneos coma eu andan esparexidos po-lo mundo".



# RAFAEL DIESTE

Ateneo Ferrolán
· Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

Testamento Xeometrico (nón euclidián) vista do mar de Rianxo.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org






Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

# El Espejo

**(En el Homenaje a Rafael Dieste)**

De pronto
echo una mirada al turbio espejo
que me contempla con su fria mirada,
lleno quizás de odio y de desprecio.
Sí, le digo,
lo sabes todo,
pero nada dirás, pues es tu sino
morir cuando yo muera,
y entonces tu secreto
con mi ceniza yacerá enterrado.



# A personalidade e a obra de Rafael Dieste

FRANCISCO FERNANDEZ DEL RIEGO

É de xusticia este homenaxe que se lle rinde a tres figuras sobranceiras da literatura e do arte galego contemporáneos. Luis Seoane, Lorenzo Varela e Rafael Dieste traballaron xuntos durante unha chea de anos ao servicio do seu país. Todos tres viviron en Buenos Aires angueiras comúns. Reuníanse, con outros amigos do exilio, en tertulias de café, nas que intercambiaban ideas e acariñaban proxectos. Teceron moitos soños en colaboración; traballaron de primeiras nunha pequena imprenta bonaerense, e despois en grandes editoriais. Fixeron unha grande labor de creación e de divulgación cultural que ainda non foi debidamente valorada.

Noutras ocasións falamos de Seoane e Lorenzo Varela, prematuramente desaparecidos cando aínda había que agardar tanto deles. Hoxe querémonos referir a Rafael Dieste, o único dos tres que supervive para ben das nosas letras.

Polas suas maneiras e pola sua formación, Dieste é un verdadeiro intelectual, é, ademáis, unha das figuras máis interesantes da cultura galega. O teatro, a narración, a poesía, a crítica de arte, e o ensaio sobre temas estéticos, filosóficos, matemáticos, e mesmo de filoloxía, son os dominios nos que exerceu o seu talento. Dentro do seu labor literario creou un estilo moi de seu; un estilo onde se concilian, xurdiamente, o rigor e a libertade.

Foi, por outra banda, un dos intelectuais que levaron á xeneración galega do seu tempo cara aos vieiros da literatura e do arte modernos. A sua obra toda está embebida dun desacougado avizorar: Homes de Europa e do mundo aos que coñeceu, paisaxes dilectas, murmurios que brizaron os seus soños... Pero Dieste non é só un escritor, sinón unha actitude orixinal frente á vida que o arrodea e aos problemas que a realidade plantea.

Comezou a screber sendo aínda neno. Xurdiulle tamén por entón unha gran vocación pola pintura. Máis tarde, buscando ciquais en certo xeito unha conciliación entre ambas aptitudes, cultivou o teatro. Cultivouno, porque o teatro ven ser o xénero que, ademáis do don poético, esixe un gran sentido plástico. Abriulle así novos camiños á escena galega coa sua obra **A fiestra valdeira**: unha deliciosa comedia simbolista de ambiente mariñeiro. A pulcritude da linguaxe e a finura de expresión, verquéronse nesta peza en moldes anovadores, rompendo coa retórica ao uso. As escenas desenvólvense en aquecida sensación ambiental, e os personaxes acretan unha indudable rexedume psicolóxica.

Noutro volume revelador —**Viaje, duelo y perdición**—, o autor puxo, asimesmo, en evidencia as suas singulares dotes creadoras. Son tres as pezas que o integran: "Viaje y fin de Don Frontán", unha traxedia que debeu ocurrir nun lugar de Galicia non ben determinado, nas postrimerías dunha "edade media" non madurecida e agreste; "Duelo de máscaras", unha humorada na que os protagonistas xogan un suxestivo e orixinal papel; e "La perdición de doña Luparia", belida comedia que se enceta nun cómaro todo arreguizado de flores, desde o que se albisca o pobo ao lonxe coas suas brancas tapias. E aínda habería que sinalar outras obras teatrais e pequenas pezas feitas pra guiñol, hoxe esquecidas.



Entre os diversos libros de ensaio, limitarémonos agora a citar só **Luchas con el desconfiado**. O intelectual, o pensador, amosa nel un axeitado canle expresivo. Soliloquea en "Sobre la libertad contemplativa" arredor de tal libertade, sobre da humildade empírica. Alude, tras un fermoso capítulo, á lenda de San Amaro e á de San Brandán o de Irlanda. "O vóo da contemplación esquece o paso das horas e o amor alixéirao deica ese colmo de levedade perfeita que se nos dí na lenda do santo distraído..." Despois, en "El alma y el espejo" —desenrolado en forma novelada— fálanos, con peculiar acento persoal, sobre o endiañado problema da sinceridade.

Dieste publicou tamén un libro de versos, **Rojo farol amante**, onde reflexa unha das facetas da sua proteica personalidade. Porque o escritor móvese decote dentro dun mundo de seu; un mundo poético fundamental e inesgotable. Porque o mesmo nas suas narracións, como no seu teatro, a máis da lírica, hai principalmente poesía. Ese seu vigor poético evidénciase, nefeito, nos diversos xéneros que cultivou. Por exemplo, nos mesmos prólogos que lle puxo a moitas obras, ou no ensaio de arte como o adicado á pintura de Colmeiro, e, de xeito particular, no conto.

Habería que falar, pois, da invención poética de Dieste. Poesía en prosa a sua; poesía que os seus ollos de galego antergo e a sensibilidade de home do seu tempo, souperon dexergar e interpretar conforme a ela mesma. Revolucionario estético e orixinal creador literario, o escritor rianxeiro carece de prexuicios, nin vellos nin coetáneos; anímao sempre unha inquietude vital que o determina a deixar atrás horizontes desbeirados.

No xénero narrativo vibra, como no teatro, o máis acentuado da sua actividade creadora. Así ocurre nesa colección de contos do monte e do mar que figura en **Dos arquivos do trasno**. Trátase dunha serie de contos galegos sintéticos, de rexa intensidade estética; e conxugándose con esta intención, a fonda emoción humana e unha singular finura de estilo. O mesmo pode decírese de **Historias e invenciones de Félix Muriel**, cuias nove narracións teñen, fora doutras coalidades, un emotivo sabor autobiográfico.

De certo, cada escritor ten o seu tono. Rafael Dieste é daqueles que impoñen o seu ritmo ao leitor. Hai nel un ritmo cordial, xeneroso, pero tamén impulsivo, que incita a beber nas suas páxinas. A sua literatura entra madurecida nos ollos e na sensibilidade. O seu estilo, flexible, amosa fermosos matices. Nos seus escritos fintea a arte de quen sabe por un punto e aparte no momento psicolóxico, e de quen está seguro do que escribe.

E non é que seña esta sua arte literaria unha simple fusión das leis da mecánica intelectual en función da elegancia estilística. Entrégase ao tema, abrevia nel a sua precisión e recría os sucedos que lle saen ao paso. Xoga e domina o ambiente e os tipos; asóciase aos seus personaxes, baixa despois á narración e detense, pimpante, pra recoller a atmósfera, e volta a subir. Completa, así, os seus cadros, revísteos dentro da liña xeral cos seus mellores e máis limpos poderes.

En definitiva, Rafael Dieste é unha das figuras máis sobranceiras das nosas letras contemporáneas. Ao longo da sua vida correu moitas e fecundas singladuras. E sempre, no propio país ou na lonxanía, endereitou o seu norde polos saudosos camiños dun profundo amor a Galicia.

# Rafael Dieste nas Letras Galegas

Nas histórias da literatura galega, Rafael Dieste aparece incluído entre os autores que eu teño chamado novecentistas. Na litaratura catalana fala-se tamén de novecentistas; mais os novecentistas cataláns son escritores que, como Eugenio d'Ors, se revelan a voltas de 1900, mentres que os novecentistas galegos son escritores que nacen a voltas dese mesmo ano. Poderíamos dicer que son os primeiros escritores nados no século XX, ainda que haberia que matizar esa afirmación, pois o ano 1900 é do século XIX, e alguns dos novecentistas galegos naceron mesmo algo antes dese ano. Dieste, un ano antes.

Estes escritores eran "os novos" do seu tempo. Os seus mestres, os escritores da xeración "Nós", se supuñan tamén no seu próprio tempo —no tempo en que se enceta a colaboración de Losada, Risco, Cuevillas e Otero— unha novedade, non aparecen vinculados ao culto "do novo" de xeito tan radical, ou tan ostensíbel, como os novecentistas. Os escritores da xerazón "Nós" son "modernistas", mentres que os novecentistas son "vanguardistas". Os motivos e temas dos modernistas son procurados moitas veces no pasado. Desde logo, creen reaccionar contra o realismo decimonónico. Mais o seu "parnasianismo", o seu "simbolismo", son unha prolongación do romantismo. Os novecentistas consideran-se "futuristas", e, se biográficamente aprenderon moito dos homes de "Nós", se Manuel Antonio pedia información a Risco, e Dieste manexa un material poético en parte común a Castelao, non é menos certo que dialecticamente "os novos" se opoñen aos antigos mestres, aos que pretende superar. Non no senso de que —agás en casos extremos— se apresenten como os seus adversários; senón no sentido de que, como fillos que son daqueles —mais abertos a outros horizontes— pretenden facer unha obra distinta da dos seus pais. E precisamente no que a sua obra se opón á destes, atinxe pertinéncia e relevância. Risco, asi e todo, consideraba que a Vanguardia era unha transformación do Simbolismo, e que os novecentistas eran tan **fin de siécle** como os seus proxenitores, enganase o que pretendese enganar a simple cronoloxia.

Mentres os homes de "Nós" herdan da tradizón o empeño de acometer a obra grande, o cadro mural, o fresco arquitectónico, o que principalmente se realiza en Otero Pedrayo, os novecentistas, como Dieste, máis aclimatados á teorías orteguianas da deshumanización e intrascendéncia da arte, cultivan con esmero as formas breves: o poema lírico epigramático, é dicer, lapidário e impresionista, o conto perfeitamente burilado, luido e torneado até o preciosismo, ainda no seu inxenuísmo frecuente. Dieste, nos seus **Arquivos do trasno**, foi armacenando moitos primores deste tipo. E mesmo na sua peza **A fiestra valdeira**, o acabado das escenas, o apagado dos remates de lance, que retorcen o colo da elocuéncia e son a antítese da estridéncia efectista, dan fe dunha estética ben achada coa escrupulosa artesania do ourive, que non pretende erguer torres de clamorosas catedrais, senón burilar elegantes xoias de cuidadosa e fina precisión, produtos dunha arte moderna emarcada nunha sóbria disciplina que, con espírito novecentista, evoca a cadéncia mesurada do neoclasicismo. Por iso **A fiestra valdeira** e, mudando o que debe ser mudado, e se me é permitida unha referéncia que se orienta á literatura comparada, e non ao estudo das fontes, como unha comédia francesa do século XVIII, xa peludiada pola comédia-**ballet** de Moliére, na que un certo didactismo amábel, un sentimentalismo indulxente e un ritmo de caixa de música de grande limpidez e seguro compás, configuran un espectáculo de salón, un movimento de xadrez concertado, ainda que se xogue con caracteres populares e se estilicen costumes que poden ser recoñecidas como próprias por un público inxénuo, ben que non ineducado.



Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol

Este revestimento dunha estrutura refinada, esta organización nunha arquitectura sumamente ponderada do material popular, coñecido mui directa e auténticamente, mais elaborado literariamente mediante unha esixente depuración da ganga da vulgaridade e da superfluidade, é unha das características fundamentais da arte de Dieste. O popular aparece nel, como en Castelao, entrañabelmente implantado no espazo temático, e plasmado con delicada arte de selección embelecedora; mais o cañamazo que configura a organización do material ten no rianxeiro máis vello unha temperatura sentimental que no máis novo soi estar substituida por un tempero intelectual mui patente na discreción da sua operatividade.

A obra galega de Dieste é de dimensións reducidas. Narrador e comediógrafo, un volume de mediano tamaño pode abranxé-la toda. O que non quer dicer que Dieste, escritor cuidadoso, non sexa un escritor fecundo. Dieste, como a imensa maioria dos autores galegos, como Rosalía, como Curros, como Risco, como Otero, como Cunqueiro, é un escritor bilíngüe. A sua narrativa e a sua dramática galegas completan-se, ou neutralizan-se, pola sua narrativa e a sua dramática castellanas. Non foi a fatalidade da sua vida viaxeira a que determinou a obra castellana de Dieste. Xa na sua mocedade discutia con Manuel Antonio a deontoloxia idiomática do escritor galego. Para o Dieste de 1921, soldado en Marrocos, debia superar-se a dicotomia entre os poetas galegos que cantaran "as grórias españolas" e os que cantaran "a beleza garimosa da rexión". Perguntabase: "¿Por que non exaltar iste anaco de España pola sua colaboración nas empresas españolas?" Diferia do autor de **De catro a catro** na menor importáncia que concedia ao nacionalismo lingüístico e na sua visión —a de Dieste— da virtualidade galega, que concebia non isolada, senón como cooperadora "da gran aventura española". Así, Dieste foi sempre un escritor galego-castellano, como, con distintas fórmulas de dosificación, o foron os outros dous autores que agora quer honrar o Ateneu Ferrolán: Luis Seoane e Lorenzo Varela. Mais a obra galega deste último é mui restrinxida, e a de Seoane, máis abondante, está a todas luces superada pola sua obra de pintor. Dieste é un verdadeiro escritor profesional. E ainda que o que escrebeu en galego —fora de artigos ou poemas menos relevantes— se reduza un feixe de relatos e a unha comédia, aqueles e esta posuen unha factura técnica e unha autenticidade estilística que confere ao escritor rianxeiro a categoria de clasico das nosas letras.

# El teatro de Rafael Dieste

MIGUEL BILBATUA

"Hay que andar mucho para ver. Hasta para ver lo que se tenía delante de los ojos", dice Doña Luparia al inicio de su "perdición". ¿O de su salvación? Y quizás nos está dando en sus palabras una de las claves del teatro de Rafael Dieste.

En la obra dramática de Rafael Dieste los personajes de sus textos son viandantes —El Peregrino, Pinturillas, Salerosa, El Ciego y su Lazarillo, en "Viaje y fin de Don Frontán"; El Guitarrista, Aurora, en "La perdición de Doña Luparia"; Fantasio, Mónica, Rabelin, en su obra de "circunstancias", "Nuevo retablo de las maravillas"— o gentes que han viajado mucho —Don Miguel, O señor Baldomero, en "A fiestra valdeira"— o, finalmente, personajes que caminan al encuentro de su verdad interior a través de un viaje —Don Frontán y su padre, en "Viaje, y fin de Don Frontán"; Claudio y Rosa, en "Duelo de Máscaras"; El Huésped, Rocío, Pabló, Doña Luparia, en "La perdición de Doña Luparia".

Los personajes de las obras dramáticas de Rafael Dieste se encuentran en los caminos —Don Frontán y El Peregrino, éste, su mujer y la muchacha, en "Viaje y fin de Don Frontán"— en las posadas —Rocío y Pablo, El Huésped y Doña Luparia, en "La perdición de Doña Luparia'—, en casas ajenas —el padre de Don Froilán y El Peregrino, Claudio y Rosa con Don Juan, en "Viaje y fin de Don Frontán" y "Duelo de Máscaras", respectivamente, Nogueira, en "A fiestra valdeira"— en los atrios de las iglesias o las fiestas de los pueblos —Don Frontán con los medigos, aquel y Pinturillas y Salerosa con los espectadores del retablo, en "Viaje y fin de Don Frontán", Fantasio, Mónica y Rabelin con todos los espectadores del "nuevo retablo de las maravillas"—; anuncian su marcha —Matapitos, Caramañolas, en "A fiestra valdeira"— etc...

"Viaje, duelo y perdición", o viaje, duelo y salvación en ese "nuevo retablo de las maravillas" de la vida como caminar. Las palabras de Machado vienen como tópico, y como tópico del tópico: como verdad. Los personajes de Rafael Dieste —y Rafael Dieste, como gallego— han viajado mucho. Y sus viajes no han sido tanto un cambiar de sitio, cuanto un profundizar en su situación: en el reconocimiento de su situación. Es decir, un viaje, interior, fundamentalmente.

Los viajeros de Rafael Dieste nunca llegan a Itaca. O mejor, Cavafis está próximo, en el viaje está el conocimiento, la recompensa. ¿La recompensa? No para el personaje, a veces; siempre, para el espectador.



Y junto a lo móvil, lo inmóvil. No como contrapunto, sino como reflejo de la marcha al caminar. El espejo, la muerte. ¿Sólo la muerte? Rafael Dieste distingue, equipara, el espejo y el papel de espejo. Jugamos a espejos, representamos espejos, en nuestra inmovilidad —¿Ficticia?— para observar lo que fluye, para observar al caminante. El juego del espejo al final de esa gran tragedia con aspecto de comedia que es "La perdición de Doña Luparia"; el juego del espejo también en la inserción de la escena de los títeres en "Viaje y fin de Don Frontán", espejo titirero de "circunstancias" en el "Nuevo retablo de las maravillas". El espejo como reconocimiento de uno mismo y de los demás.

Pero reconocimiento sólo posible después de "andar mucho". De haber asumido la experiencia de uno mismo y de los otros, de quienes vimos a través del espejo. Y siempre queda el espejo del río que conduce a la muerte, no como castigo de quienes no aprendieron en el espejo del flujo de la vida, sino como experiencia salvadora final: el caso de Doña Luparia.

Permítaseme una disgresión. El uso de los títeres en el teatro de Rafael Dieste. No olvidemos la experiencia del autor en el Teatro de las Misiones Pedagógicas. Pero este caminar por aldeas y parroquias —otra vez el "andar mucho para ver"— no es un corretear, sino un entroncarse en lo popular. Destilar sus formas, sublimarlas, para recoger el poso de sus fundamentos —como en Valle-Inclán, como en García Lorca, como en Alberti, como en Dieste: las cuatro cimas del teatro poético de basamento popular en nuestro siglo; Unamuno, Max Auh, Buero Vallejo y Nieva van por otros caminos...—

¿Recoger el poso a través de la palabra bien formada, bien formalizada? He aquí un tema crucial. Porque la obra dramática de Rafael Dieste es también un espejo. Para observar y para observarse, para ser observado. Y es un espejo bruñido en el que las tradiciones del teatro clasico y de la fiesta popular se fusionan, juntan sus imágenes...

Pero el espejo es también la muerte. ¿La muerte? El final del caminar. El momento del autoreconocimiento. La "perdición" del personaje en el espejo es su salvación en la vida eterna. O mejor, para una mente no cristiana, en la eternidad de la vida. En el cumplimiento del camino que se abre a nuevas vidas, como el díptico de Don Frontán y El Casero se abre al de El Peregrino y La Muchacha. La vida continúa. La culminación de la vida propia no es sino ver "lo que se tenía delante de los ojos". Y ello no sólo ante el espejo, en el momento de la muerte, parece decir brechtianamente, materialistamente, el teatro de Rafael Dieste al espectador. Sino en la propia vida. Actuar en consecuencia. He aquí la ética del teatro de Rafael Dieste.



Ateneo Ferrolán
cultura
1879
Rúa Magdalena 202-201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

17 de abril 1981 Ginebra

Señor Don Angel Freijeiro
Presidente del Ateneo Ferrolán
Ferrol

Acabo de recibir su muy estimada carta.
Gracias le doy ante todo por haberse acordado de mí para que envíe —¡ojalá llegue a tiempo!— mi adhesión al muy merecido homenaje a Rafael Dieste.

Le envío pues unas líneas breves, según me indica, para que sean leídas en el Acto final:

— Pertenece Rafael Dieste a esa rara categoría de personas en las que



desbordan los valores y virtudes.
Su obra misma y aun su palabra.
Es Rafael Dieste, escritor penetrante incansable, peregrino en plurales tierras, sobre todo y antes que nada, un

Ser, un ser de comunión, activo siempre, porque mueve a dar gracias a quien se debe, por haberle encontrado —y una vez encontrado no se podía perder— sino ante todo por que exista. Su presencia ha sido siempre irradiante, es decir: generosa luminosa, como para ser cantada más que contada. Séale dado algo, eco no más en mis pobres palabras, alguna nota de ese Canto.

María Zambrano

Ginebra, Viernes Santo

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
ateneoferrolan.org

P. S.

Hablando con José Angel Valente en el momento en que me llegaba su carta, se llenó de entusiasmo y pensó que quizás el habría recibido alguna invitación ~~no~~ para adherirse y q. por sus cambios de dirección no la había recibido y se extraviaría. Me permití darle la dirección de usted para q. pudiera cumplir su vehemente deseo de adherirse. Es alguien de valor como usted sabe.

En cuanto a mi colaboración para el "Cuaderno", dígame extensión y fecha de entrega. Yo haré, si no lo que usted me pide, lo que yo pueda



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202 201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

# Homenaje a Dieste

ENRIQUE AZCOAGA

En Rafael Dieste, no se puede preferir este libro a este otro, sino el **clima** de una naturaleza intelectual, que yo —perdonadme la alegría— disfruté como pocos, cuando la derecha y la izquierda española no habían decidido aún la necesidad de asesinarse. Lo que de Rafael Dieste me maravilló cuando yo era muchacho, y me sigue maravillando en la VIEJA PIEL DEL MUNDO, en MURIEL y en VIAJE, DUELO Y PERDICION, en la urdumbre literaria creada para brindar a sus destinatarios, la temperatura mental, la tensión creativa, la vivacidad de espíritu que lo sitúan, desde mi punto de vista, a la cabeza de los escritores que merecen así llamarse. Perdonadme que insista en un tópico personal, que quizá me lo inspirara alguna vez, la persona que aquí nos congrega: Rafael Dieste no pertenece a la infinita legión de plumíferos que **se inventan** en la medida que crece su bibliografía, vale decir, en la medida que se sacan libros o libracos, de una realidad humana o intelectual, mas bien de tercera. El autor de LAS LUCHAS CON EL DESCONFIADO ha colmado sus libros, con **aquello que en realidad humanamente le sobra**, porque como escritor magníficamente dotado, no dá lo que en el momento de la creación produce, sino aquello que forma parte de su indudable riqueza humana. Esa apreciación mía, que a lo mejor puede parecer supérflua, perdonadme también que os diga que la creo sumamente importante... Porque escritor, no es el trabajador discreto o grafómano entusiasta, que constantemente enriquece su bibliografía, con títulos hasta cierto punto justificativos... Sino aquel que demuestra serlo en sus libros, en sus diálogos, en sus relaciones, en su comportamiento y no digamos en su conducta respecto a sus semejantes... Escritor, no es aquel que respira la gloria que le proporciona la atención de quienes, amigos incondicionales, dirigen las páginas llamemos cultas de los medios de difusión impresos u orales, sino este otro que un día, cuando alguien que interesada por su producción, acomete la tarea que ha llevado a cabo la norteamericana Estela Irizarry, resulta que en medio de una desatención importante, no ha dejado de cumplir con su tiempo y con su deber... Siempre he dicho que yo he tenido mucha suerte al comenzar mi vida literaria, encontrándome con maestros y amigos de la categoría de Rafael Dieste, Ramón Gaya..., tan alejados de esa gente que desborda la vida literaria española para confusión y envilecimiento de quienes creen en su magisterio... Pero nunca bastante, que criaturas de la importancia humana e intelectual de Rafael Dieste, componen la nómina de los verdaderos, de los legítimos, de los enemigos del **éxito por el procedimiento que sea**, incompatibles —aunque ello casi

debiera callarse— con toda esa tropa que durante cuarenta años nefastos, han ido haciendo su bibliografía y acreditando su perfil público, para ahora concretamente, venirse con aquello de que los **españoles del exilio**, no lo hicieron demasiado mal.

Contra quienes, consciente o inconscientemente, utilizaron los resultados de la guerra civil española, en su exclusivo beneficio, sólo cabe una actitud: la valoración de obras como la del autor de DOS ARQUIVOS DO TRASNO... Que, pese a su exilio, pese a ese tremendo dolor que estar muchos años transterrado supone, pese a haber sido olvidado de la manera más incalificable por quienes no tenían ningún derecho a hacerlo, está aquí, con una obra realizada por encima de todo sacrificio; con un perfil intelectual verdadero, libre e insobornable; con una posición intelectual carente de rencor, de resentimiento mental que es el más deplorable, dispuesto a la lucha noble, al enfrentamiento digno con tantos y tantos personajes a quienes la política, erigió el más evidente y poco contrastado pedestal...

En la vida intelectual española, sin cicatrices, sin regateos, hay dos clases de intelectuales: la de los que han perdido mucho por culpa de la política, entre los cuales y aunque parezca extraño se encuentra un escritor de la categoría de Dieste, y la de los que ganaron mucho más de lo que merecían, por algo que ni política puede llamarse... Así, los que un día conocimos en la del Granja del Henar madrileña a Rafael Dieste, cuando España era una mañana incuestionable, nos sentimos en el deber, aunque sea de pasada, de **marcar diferencias**... Porque, entre otras cosas, por omisión, distancia del batiburrillo inaceptable y mucho silencio, sólo quisimos demostrar algo tan sencillo y tan obligado, como que siempre nos hemos sentido honrados, siendo leales a nuestros maestros...





Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202 201, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

# Mi "propia imagen" de Rafael Dieste

*Como español-andaluz o andaluz-español, tanto monta, exiliado que fui, hermano de la orden secreta "Amor y pedagogía", reverencial —en el buen sentido del vocablo— compañero en letras, muy admirado, y Rafael Dieste, me sumo con entusiasmo y viva simpatía al tributo de afecto y valoración que ese Ateneo rinde al escritor impar y a uno de los más claros varones espirituales que tan dignamente representa a Galicia en el deseable concierto de las Españas.*

*Trasládenle fuertes abrazos. Mis mejores saludos para ustedes.*

*MANUEL ANDUJAR*

En mis años de expectaciones republicanas, y de cobijo matritense, un amigo gallego, excéntrico por más señas, de tenaces saudades un si es no es abruptas, abogado por prescripción paterna y vocacional trasnochador, devoto de las artes y letras y adepto espasmolítico de la revolución permanente, me ponderó de tal suerte la singular personalidad intelectual y literaria de Rafael Dieste, que leí con avidez, y con manifiesta gratitud hacia mi consejero, los libros del autor de "Rojo farol amante" que por aquel entonces se publicaron: versos en todo fluidos y ceñidos, sus piezas teatrales, quizá cuentos y ensayos que la memoria no retuvo. A pesar de que amagaban ya, no habían estallado aún sublevación y "movimiento".

Después, referencia de su idear y quehacer en la excepcional revista "Hora de España", el largo período del exilio (llamadlo, por lo iberoamericano y a lo José Gaos, transtierro...), diferentes nuestros lugares, y ciudades de asilo. Agréguese la coincidencia de los retornos, en que Rafael Dieste acertó también al adelantárseme. Y de rúbricas, cita editorial en "Alianza", aditivos lazos del concertador Francisco Pillado, el diálogo coruñés que virtualizaría, en llana proximidad, psicosomática, su escritura y estilos, oral y epistolar. Lo que refrendamos en el inolvidable encuentro de Alicante, marzo de 1980.

El caso es que, cercana o distante, la "imagen" de Rafael Dieste se integra con la presencia de Carmen, su esposa y compañera, el más discreto y firme de los halos que la identificación produce. Emana del acendrado emparejamiento una benéfica atmósfera de armonía y predestinación.

Al fondo del medallón evocador se proyecta la figura —rubia cabellera, tipo esbelto, conjeturable íntima suavidad, asimismo— de Inés, que orienta y anima, y nos convoca, en la Galería Sargadelos de estos Madriles. Aquellas comparecencias en torno a Dieste... Gracias a su encomiable, natural facultad de conexión, penúltimas citas, riberas de la

muerte despiadada, con Luis Seoane —para el dibujo/retrato que apareció en "La Voz de Galicia"— cabe Lorenzo Varela, que me facilitara allí preciosos datos sobre las revistas que en Buenos Aires fundó e impulsó. Y que al acervo del exilio republicano de 1939 pertenecen.

Por lo que alcancé a colegir, las peculiaridades, que en interrelaciones se tradujeran, de Luis Seoane, Lorenzo Varela y Rafael Dieste —por la noble amistad y un común ideal aunados— se tipificaron por un nítido propósito de trascendible entendimiento. La lenta corpulencia de Luis Seoane transparentaba una raigambre casi labriega, patente en los amplios rasgos de sus apuntes gráficos y en la especialidad colorística de los lienzos que me fue dable contemplar en la Exposición —en estos pagos finales— de la calle de Claudio Coello; igual ocurría con su hablar, sencillo y grave. ¡Qué feliz mixtura la de Lorenzo Varela, poeta recluido en su faro de cadencias y emociones o vagando por los siempre inéditos caminos del misterio!

Rafael Dieste significó —creo, intuyo— un equilibrado nexo que recogía la terrenal entereza de Luis Seoane y la rebeldía —urbana, insurgente y quizá metafísica— de Lorenzo Varela, en una síntesis de suma prestancia, como lo es, de manera inequívoca, en Rafael Dieste, el compartido embrujo del mar y la no menos descifrada, curva elegancia de la playa atlántica que trazaron divinas digitaciones.

Originalidad innata y en sí y para nosotros cultivada, a compás de una captación y elaboración de vislumbres ideológicos generales y de corrientes artísticas de mundial validez, dotan a Rafael Dieste de tan acusado acento —desde su lar de Rianxo a todos los confines ibéricos— que difícilmente resulta equiparable.

Rafael Dieste, humanidad y humanismo, ocupa una privilegiada parcela de mi guadianesco y andaluz libro abierto "Signos de admiración", textos que en ocasiones particulares vieron la luz en "El Urogallo", "Cuadernos Hispanoamericanos" y en la sección que inicié, muy esparcidamente, cuando "Triunfo" navegaba en sus postrimerías de semanario.

He pretendido con ello testimoniar, sólo interpretativamente, sin torsiones ditirámbicas, acerca de las mujeres y hombres, coetáneos, que para mí encarnan los plurales y netos valores en los que nuestro país no repara cumplidamente. Y más que a la opinión imperante, la responsabilidad corresponde a la pertinaz minoría que tergiversa las calificaciones decisorias.

Rafael Dieste es uno de los más indicativos efectos de la ceremonia de la confusión y de las ocultaciones raposas que nuestra cultura —tan quebrantada y descoyuntada— padece. Porque su cuetística, su teatro, su capacidad de análisis y exploración, de sugerencia, de fecundante diálogo —filosofía y narrativa, metódico enjuiciar, poética aptitud, aplomo moral, virtudes de sutil o jocundo humor, conceptual precisión— exigen adecuada resonancia, incluso en los que pastorean a las "minorías amplias".

El conocimiento tardío y fragmentario de la obra —capital en calidades— de Dieste, por el entero ruedo ibérico, constituye uno de los incuestionables síntomas de la perniciosa abulia, de la estrechez de miras, de la indigencia en legítimas inquietudes, que gravan nuestra vida cultural, hasta en el fenecer superficial del régimen franquista o en las rebozadas pompas del Poder. Prueba palmaria de estancamiento y desmedulación.

Destacar la significación intelecutal y literaria de Rafael Dieste no es sólo un acto de justicia, sino que, en la medida en que coadyuve a la repercusión de sus creaciones, contribuye a la imperativa reconstitución y al factible renacimiento de la cultura de autenticidades que al pueblo —hoy disperso y enajenado— ha de destinarse.



Una vez más, disminuir y combatir así —merced a la palabra y al pensamiento de Dieste— ignorancia, desidia e incongruencia, es uno de los más positivos esfuerzos en este interregno que lo amorfo encenaga.

Mientras, el calor de los postulados de bien y belleza literarios, de que Rafael Dieste es claro y alto ejemplo, pues desde su raíz gallega a España se dirige y a tono universal accede, podremos alcanzar la otra radiante luz, traspasada bergaminianamente "al fin y al cabo", la noche inícua y frívola que intenta degradarnos.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

# Lingua, Humanismo e Matemática

EDELMIRO GIL DIAZ

É posible que quen leera soio por riba a Rafael Dieste lle sorprenda saber que Dieste escribiu libros de Matemáticas. ¿Cómo é que Dieste escribiu libros de Matemáticas? Tentarei mostrar que era lóxico que o fixera. Fagamos a pregunta de outro xeito ¿Cal é o senso da obra matemática en Dieste?

Dieste foi, diante de todo, un intelectual; un intelectual que escarabellaba en todalas artes e ciencias. Obsesionado polo rigor, auna-la imaxinación coa rázón por medio dunha expresión rigurosa, foi a sua teima interior en cada un dos campos nos que actuóu e con elo non soio puxo en práctica un xeito singular de vida senón que deu cunha fórmula que constitue o mais xenial da sua obra, porque xunto das intuicións certeiras do mundo está a comprensión do siñificado das verbas.

No noso mundo tecnificado a verba non é mais que unha estrutura conceptual. É unha mera ferramenta da que facemos uso pró calculo e a comunicación mais sinxela. A forza de abstracción, imos os poucos eliminando a imaxinación e con ela a figuración. Se quitamo-lo mundo sensible o espacio, sustituimo-la realidade por vocablos, por conceptos. A verba foi sempre máxica, crea esa realidade, determiña a sua existencia, quen se expresa está creando un mundo de imaxes certas.

O esprito oculto da linguaxe é privilexio dos poetas, un privilexio que Rafael Dieste soubo sabiamente administrar. Porque na obra del a creación literaria e a matemática manteñense paralelas apuntando a unha mesma meta. Por elo loitou dialécticamente por un espacio que fora o gusto de todos, dos físicos nos seus experimentos, do home de a pé na sua intuición, e do matemático no seu rigor.

Catro libros encadeados a unha mesma razón: "Variaciones sobre Zenón de Elea", "Nuevo tratado de paralelismo", "¿Qué es un axioma?" e "Testamento geométrico" son os produtos, e o nexo de unión a Teoria de Movementos e o V postulado de Euclides.

Existe o criterio de que o matemático se caracteriza polo desprecio do experimental e a sua falla de compromiso social. Dionisio Ridruejo e tendo por oficio o se alonxaren das cousas e da xente, os puros traballadores do cerebro corren o grave perigro da irrealidade e a insolidaridade". Pois eiquí temos un home do que nunca se poderá decir nada do dito, humano onde os houber, era un home solidario e comprometido.

Ante todo, e denantes de continuar, admitamos que a sua laboura nos abruma e nos conforta. Abrumanos pola multiplicidade dos eidos dos seus esforzos e confortanos ós matemáticos porque contradí a imaxe deshumanizada que de nos ten a sociedade (e se



con estas verbas poido levar ó menos a dúbida ou a polémica sobor da idea da existencia de algúns matemáticos humanistas sentireime doblemente satisfeito).

## A XEITO DE EXPLICACION - UNHA BREVE HISTORIA DA XEOMETRIA

Os elementos de Euclides sinalan o inicio da xeometría como ciencia deductiva por ser non soio a recopilación dos coñecementos da época senón sobor de todo, polo establecemento dun método de demostración riguroso. Seleccionando uns poucos feitos xeométricos simples, demostra todolos outros, como consecuencia deles. Euclides chama AXIOMA ás nocións comúns, e POSTULADOS ás suposicións de carácter xeométrico. Mentras os catro primeiros postulados son curtos e simples o quinto que é mais complicado "suxire" que é un **Teorema** mais que unha **Hipotese**, e foi a base pra ataca-lo sistema. Un dos seus enunciados dí: "Por un punto exterior a unha recta pódese trazar unha e soio unha paralela a dita recta" (a formulación de Euclides é mais complicada).

Entre os outros postulados da xeometría este ocupa un lugar en certo xeito especial, porque aparece na posición 29 prescindido del nas proposicions anteriores e á vista da complicada natureza do Postulado en comparanza cos outros, xa na antigüedade se tentou cambea-la definición de rectas paralelas, de modifica-la definición do postulado mesmo e deducilo dos demáis a partires do resto dos axiomas.

Así, a teoría de rectas paralelas baseada no postulado V convertiuse en obxeto dos traballos dende Ptolomeo ata o século actual. Nembargantes o resultado destes intentos foi invariablemente negativo. Unha e outra vez se mostrou que o autor de turno se apoiara nalguna proposición tomada como obvia que non se deducía necesariamente das demais e requeria a sua vez unha demostración.

A fins do século pasado Lobacheski e Bolyai (independentemente) publicaron unha idea común que é a seguinte: "Por un punto exterior a unha recta dada podense trazar non soio unha se non ó menos duas rectas paralelas a unha recta dada". Nesta xeometría que mais adiante se vai coñecer co nome de Xeometría Hiperbólica, todalas propiedades da xeometria euclidea independentes do V postulado verificanse, en particular as 28 primeiras proposicións de Euclides.

Así pois as duas conclusións ás que chegóu Lobacheski foron: 1.° que o V postulado non se pode probar, e 2.° que é posible desenrolar sobor a base dun axioma contrario unha nova xeometría completamente lóxica a pesares de que os seus resultados están en desacordo coa imaxen intuitiva do espacio.

Foi mais tarde Rieman quen primeiro propón a idea de que unha línea sexa ilimitada mais non infinda. A consecuencia é unha nova xeometría na que non existen paralelas (logo chamada Xeometria Elíptica).

A construcción das xeometrías non euclideas parecen asegurar a independencia do V postulado e por tanto a imposibilidade de demostrarlo.

Pra elo deberían estar ceibes de contradicións as teorías (a formula da xeometría de Lobacheski-Bolyai dá unha proba da independencia do V postulado ó permitir a construcción analítica dunha xeometría non euclidea). Así mesmo a interpretación da xeometría hiperbólica plana sobor superficies de curvatura negativa dá "astra certo punto" a imposibilidade de demostración do V postulado. Nefeuto, toda contradición se trasladaría a unha contradición da xeometría de superficies de curvatura negativa constante, mais soio en rexións limitadas e non podemos exclui-la posibilidade de proba no pranc completo. Debería

tomarse a variedade abstracta de curvatura constante (pos non hai superficie concreta no espacio ordinario onde valla a xeometría hiperbólica completa) e aínda así quedaría a posibilidade de demostración pra a xeometría sólida. É baseandose na medida proxectiva de Cayley como pode obterse de xeito mais simple e fácil a imposibilidade de demostración.

## O INVESTIGADOR RAFAEL DIESTE

A consecuencia mais importante do nascemento das xeometrías non euclideas é a aparición do problema da consistencia das xeometrías e da matemática toda; o problema faise pavoroso e a dúbida case angustiosa coa aparición das paradoxas.

Nestas coordenadas poderíamos localiza-los traballos matemáticos de Dieste impresionado que as nosas xeneracións (a controversia ten o seu punto álxido ó fin do século XIX) por toda esta problemática e decide profundizar nela. Dende o seu primeiro libro "Teoria del paralelismo" pra chegar por medio da teoria dos movementos a tentar unhas demostracións do V postulado no seu derradeiro libro.

Decía Voltaire "Se quere conversar conmigo defina os termos que emplee". Esta advertencia é razonable sempre que non se leve demasiado lonxe. Porque se unha conversa tén que ser fructífera (e os libros de Dieste invitan ó coloquio, cando os lemos) os participantes debense poñer dacordo en tanto como sexa posible sobre do significado dalgúns dos termos usados.

Así nun sistema axiomático se seleccionan certos conceptos primitivos logo se fai unha xeira de proposicións das que non se fai demostración, o terceiro paso consiste en dar as regras que permiten deducir "novas" proposicións a partires das vellas e por último, ó desenrolar o sistema, as consecuencias son os Teoremas.

Coido que esta explicación xenérica podería chegar pra comprendermo-lo encadenamento dos libros xeométricos de Dieste. Partindo dunha linguaxe asequible ó lector medio, trata de xeito divulgativo e fora da "moderna linguaxe" das matemáticas, a construción dunha base sólida sobor da que construí-lo ambicioso proxecto de demostración do V postulado. A linguaxe matemática de Dieste é unha linguaxe equilibrada de crara transparencia pra os lectores non avezados e tecnica á vez cun proceso constructivo sinxelo e rápido. Unha combinación tal da intuición e raciocinio que, facendo uso dos mecanismos lóxicos axeitados, nos guia polos camiños retortos dos pensamentos e das formas. Debemos diferenciar, logo, entre a frescura e a espontaneidade da sua linguaxe, da sua técnica e dominio da lóxica. É precisamente iso o que distingue a sua produción. Por elo que aínda que un non remate axiña a lectura dos seus libros, ou aínda que o fin derradeiro dos camiños artellados non rematemos de conquerilo, verba a verba, páxina a páxina imos acadando unha fluidez de raciocinio e vainos desvelando paseniño os secretos dos conceptos xeométricos.

Coñecemento do vocabulario matemático, coñecemento e dominio dos conceptos xeométricos e unha fluidez de raciocinio cunha capacidade intrinseca de transferencia a outras areas do saber, porque en resumidas contas ¿qué se persigue hoxe co ensino das matemáticas? "Certamente non é o coñecemento de unha xeira de teoremas mais ou menos inxeniosos sobor das propiedades do triángulo de que logo non se fará ningún uso senón o ensino de ordear e encadea-los pensamentos segundo o método que empregan as matemáticas e porque este exercicio desenrola a craridade de esprito e o rigor do xuicio". (Dieudonne) Pois ben Dieste toma o xeito mais idóneo co menor custo intelectual pra a



viaxe polo intrincado mundo das metemáticas obtendo resultados óptimos. E é porque Dieste era un investigador e divulgador científico.

A nosa afirmación hai que baseala na sua actitude cara as xeometrías, pretendendo penetrar nelas. A relación que tiña con elas era coma se adquirir este coñecemento realizóu un traballo de creación pra conquerir algo que non figura no inventario dos coñecementos sabidos de outros tempos; por elo esa laboura, esa actividade foi un traballo de investigación.

E xa pra rematar non podo senón que facer uso das suas propias verbas pra darlle sentido a sua obra matemática:

"Estamos facendo ou tentando facer aclaracións un tanto desusadas e que algún amigo dos xeroglíficos e sempre desexoso de descubrir circos viciosos e pintadas serpes que se traban a cola podería hachalas inútiles o imposibles pois aclaracións sobor da claridade e distincións sobor da distinción. Nín son inútiles nin son imposibles e hasta eiquí sirven pra distinguir antre as ideas chamadas craras e distintas e a craridade e distinción que se lles atribuie".

Ferrol no Nadal de 1981

# Lembranza do home e do escritor R. Dieste dende a vella amistade

CARLOS GURMENDEZ

Como los ecos musicales de las campanas de una catedral sumergida asoman, a veces, los recuerdos. En el Café de las Flores, de Madrid, veo a los hermanos Dieste sentados uno junto al otro. Eduardo, que entonces dirigía la revista "PAN", me aconsejaba: "antes de escribir debes ordenar tus pensamientos en secuencias lógicas y rigurosas, sin dejarte arrebatar por la imaginación ni la velocidad de la pasión". Y agregaba: "el estilo es la meditación de la palabra". Rafael sonreía benévolo. Acababa de regresar de una gira por Europa, cuya beca le concediera la Junta de Ampliación de Estudios que presidía Pedro Salinas, y el gran artista gallego Cándido Fernández Mazas me comentaba: "Rafael prepara un ensayo, sobre el origen del teatro, que presentará a la Junta como resultado de su viaje".

Solíamos reunirnos en el café La Granja del Henar. Acababa de aparecer "LA VIEJA PIEL DEL MUNDO", obra que suscitó en mí múltiples interrogaciones y como no encontraba respuestas en los problemáticos laberintos de su discurso, dialogaba con Rafael buscando, quizá, "una esfera armilar, intuida en este libro", como reza la dedicatoria fechada en junio de 1936.

Al final de la guerra civil Rafael y su mujer Carmen Muñoz, pasaron unos días en casa de mis padres, en La Haya, esperando el barco que les llevaría al exilio. Tanto mi hermano Octavio como yo, asediábamos a Rafael con preguntas múltiples, esperando de sus respuestas un sosiego a nuestras inquietudes juveniles. También en aquellos días, nos reuníamos en el pequeño café "De Krone" con el hispanista Johan Brouwer, que había sido intérprete del general Miaja y autor de una espléndida obra "EL MISTERIO DE ESPAÑA" y comentábamos los episodios de la guerra civil. Pocos años más tarde, Johan Brouwer fue fusilado por los nazis, como uno de los jefes de la resistencia antifascista holandesa.

Muchos años después volvimos a vernos en París, paseamos por las riberas del Sena, hablamos de teatro, de Sartre, de marxismo, de su Galicia ausente, de la España peregrina y de como se hilvanan los hilos del recuerdo.

Y puesto que estamos sintiendo las heridas del tiempo, analicemos sus dos obras maestras de la memoria trascendental: "VIAJE Y FIN DE DON FRONTAN" e "HISTORIAS E INVENCIONES DE FELIX MURIEL".



"VIAJE Y FIN DE DON FRONTAN" evoca un teatro de moralidad medieval, basado en leyendas antiguas y tiene la solidez del dibujo violento del románico gallego. Esta obra metafísica y simbólica es la representación del eterno drama entre padre e hijo. El padre encarna al Señor, propietario feudal en una Galicia arcaica y primitiva. El hijo, que hereda las virtudes del padre con su mismo afán de poder y dominio, quiere independizarse de él y convertirse en Señor de si mismo, creador de su propio ser, generador también de estirpes. Este mismo conflicto, reflejo de la conciencia campesina de una Galicia agraria, se expresa con elemental y terrible violencia dramática en "COMEDIAS BARBARAS", de Valle Inclán. La lucha de los infanzones, hijos del lobo mayor, del gran señor feudal dueño de vidas y haciendas, impresiona la fantasía de los aldeanos y embebe de contenido poético sus almas primitivas e ingenuas. La realidad estática, el conformismo campesino, la aceptación de un mundo posesivo que se repite a si mismo en una continuidad atemporal de la Historia, esa Galicia inmemorial que parece eterna, encuentra en Valle Inclán y Rafael Dieste su más certera simbolización poética. El combate de pasiones que divide y desgarra las "COMEDIAS BARBARAS" se convierte en escenario simbólico de una idea poética en "VIAJE Y FIN DE DON FRONTAN". Mientras para Valle Inclán el conflicto entre padre e hijos rebeldes queda abierto, como ley bárbara de la naturaleza, insoluble y constante, el drama de Dieste encuentra una solución en la identificación recíproca, en la conciliación mutua, en el reconocimiento entre padre e hijo: en el recuerdo el hijo se convierte, se hace el Padre. La síntesis teatral de Rafael Dieste no queda, como en Valle Inclán, en puro drama tembloroso, sino que llega a expresar una significación universal. El drama pasa de la rebelión del hijo, que es orfandad para el padre pero libertad real para el hijo, a un final "pavor de la semejanza", cuando el peregrino ve en el hijo la misma carne de Dios Padre. El símbolo poético es, pues, claramente metafísico. La diferencia ancestral se resuelve como en toda verdadera tragedia: nadie es culpable y todos lo son.

Las narraciones de Rafael Dieste tienen la plena objetividad que es el cimiento de toda verdadera obra artística. En ellas se respeta el misterio original del ser, su novedad y diversidad renovada, base de lo que llamará Dieste la libertad contemplativa o pasividad prítica. Así, por el misterio, su mundo adquiere una trascendencia que mana de su propia íntima presencia. El mero oscurecerse estático y contemplativo de esta realidad mundanal, nos sumerge en un infinito silencioso. Sin embargo, la contemplación inactiva nos puede llevar a una religión, del misterio, porque la realidad inmediata aunque se halle conformada artísticamente, está llena de sombras, fantasmagorías, supersticiones, inverosimilitudes, magia y creencias fantásticas. Por ello, estamos viviendo siempre asociados a un miserio difícil de explicar. Ahora bien, si el hombre participa activamente en el mundo, aparece el cambio y la verdadera mudanza de lo real, el movimiento creador. Entonces, se despeja la incógnita, pues el misterio es el nombre vacío de la inmovilidad.

Examinada la forma de la narrativa de Rafael Dieste, entremos a analizar el contenido íntimo de sus cuentos, donde la memoria tiene una función creadora. Dieste sueña mucho por la noche y también durante el día. Ha nacido con este don onírico como el de la poesía. Me decía una tarde en La Coruña: "no interpreto mis sueños ni los psicoanalizo, que es una forma de descomponerlos". Los deja intactos, puros, como si fuesen soñados. Esta es la clave para comprender "HISTORIAS E INVENCIONES DE FELIX MURIEL" y el secreto de su encantamiento. Los sueños, es evidente, son recuerdos lejanos de sueños vividos y, a su vez, experiencias remotas de sueños recordados. Así sucesivamente se entretejen las urdimbres enmarañadas de los sueños. Para desenredar este ovillo es preciso tener presente que los recuerdos, al evocarlos, tienen el color neblinoso y resplande-

ciente de una búsqueda, una investigación o un deseo incumplido. Y lo que se llama el laberinto de los sueños, son esos viajes interiores del recuerdo para apresar el olvido. Este color de clarísima oscuridad tienen los relatos de Félix Muriel, historias que son exploraciones de la memoria, búsqueda del tiempo perdido, del valle del recuerdo, de la tierra virgen o del padre. Así, el cuento breve y prodigioso, "Este niño está loco", nos adentra en la vinculación sombría que une al hijo con el padre sin mediar palabras, porque están ambos sumergidos en el origen vegetal de la sangre, unidos por la misma tiniebla originaria. Cuando el hijo marcha tras la sombra del padre sabe instintivamente que seguirle es obedecer la ley oscura del origen y el padre sabe también que el hijo, aunque se haya alejado, está formando parte de sí mismo. A través de esta historia busca Dieste el punto fijo, inmóvil y arcano que da origen al Tiempo. Esta empresa podría ser la inversa de la proustiana, es decir, buscar una eternidad de la que emerge el Tiempo mismo. Por ello, lo importante para Dieste, es conservar siempre la memoria, guardar la lealtad al origen. En toda su obra resalta esta llamada a la fidelidad, a su pueblo, a la revolución que conserva a través de los tiempos y que se sucede invariable.

En "El loro disecado", nos cuenta la historia de un hombre que no puede olvidar a una mujer que vio en una taberna de Amberes. Después de muchos años regresa para vengarla, pues el marido la había matado al no poder soportar la fidelidad al recuerdo de ambos. Hay siempre un olvido en el recuerdo, pero el que cuenta esta historia descubre el prodigio metafísico que hay siempre una memoria en el olvido. Y, lo terrible, es cuando se pierda la memoria en la Historia, como el profesor don Julián de "El Jardín de Plinio", o se la busca a través de la sucesividad del tiempo homogéneo y vacío. El que encuentra su memoria, la suya, descubre el sentido total de su existencia, pero entonces se corre el riesgo de perder la memoria de todo, la universal. El que encuentra en el decurso de su vida un instante único y revelador, se le iluminará todo el plano misterioso de la existencia. Este es el sentido de la búsqueda del Tiempo del protagonista de "La Peña y el Pájaro". Hay que volver siempre atrás, para descubrir la verdad de la vida propia pues allá en la infancia se encuentra la idea primera, arquetípica. "Hay que romper la nuez" para llegar a este final y el protagonista debe peregrinar por el "Valle del recuerdo" entre riesgos, luchas y se obstina, vive, experimenta, ama. Es preciso que el hombre explore el Tiempo para descubrir la eternidad de sí mismo, su verdadero nombre, su auténtica identidad.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204. Ferrol
www.ateneoferrolan.org

# Con Rafael Dieste nos arquivos do Trasno

SIRO

Donas, señores, amigos todos:

A mediados do pasado ano publicaba eu nas páximas do xornal local "El Norte de Galicia", dentro do espacio titulado "Coas raíces na Terra", unha semblanza gráfica e literaria de Rafael Dieste, que remataba pedindo pra esta figura sobranceira da nosa cultura, un homenaxe de recoñecemento ao seu delongado labor intelectual e artístico.

Por elo, quero comenzar esta intervención expresando a grande ledicia que sinto polo feito de que o homenaxe a Rafael Dieste sexa xa unha realidade, e pola circunstancia de que se celebre aquí, en Ferrol, organizado por unha entidade cultural local, como Ateneo Ferrolán.

Dito esto, vanme permitir que lembre aquel breve texto que hai varios meses adiquei a Rafael Dieste, porque hoxe como onte penso que...

"Se me pedisen un nome no que simbolizar a elegancia, daría sin dubidalo un intre o de Rafael Dieste.

Naturalmente, ao me referir á elegancia de Dieste non aludo únicamente á garrideza do seu porte, senón tamén e sobor de todo, á súa finura espiritual. Unha nobreza de alma que se manifesta decote na comunicación personal, coa fidalguía dun trato sempre garimoso e cortés. Unha calidade de espíritu que se reflexa na creación literaria, coa gracia máis sinxela e a forma máis belida.

Rafael Dieste debe de contar co madriñádego da cavilosa Polimnia, musa do canto, a retórica e a elocuencia.

Mais pode que tamén lle concedera o seu alento algunha serea rianxeira, ou unha das varias donas encantadas —quizais aquela de cova dos carcamáns— que tantos mariñeiros viron peitearse co peite de ouro nas pedras carricentas de beiramar.

Eso explicaría a grandeza universal e a enxebreza galega dos contos de Rafael Dieste.

Contos saudosos con sabor a brétema e marusía.
Contos galegos elevados á categoría de xoias literarias.
Contos saídos "dos arquivos do trasno".

Como vostedes ven, puxen especial énfase no libro "Dos arquivos do trasno", que, na miña opinión, é unha das máis fermosas creacións da narrativa galega.

Por eso adicarei os breves minutos que me quedan, a este libro de pouco máis de cen páxinas e vinte contos.

Contos extraordinarios dun extraordinario creador, profundo coñecedor do noso idioma —aínda lembro o meu encontro con Rafael Dieste en 1972, cando me explicou os xogos sutís co idioma no Rianxo da sua infancia: "o oso rompeu un oso", e outros tais—, e profundo coñecedor do oficio de escritor.

Eu disterarla neste feixe de narracións as que naceron da maxinación, daquelas outras que naceron da pantasía. As que xurden da capacidade evocadora do autor, daquelas outras que xurden da sua capacidade de invención, do ensoño, da visión quimérica.

Nestas, nos contos pantásticos, Rafael Dieste adéntrase ás veces no mar dos eternos medos do home. Medo á vida, medo á morte, medo irracional e quizais por eso tan humano.

Son os contos de "O neno suicida" ou o titulado "Once mil novecentos vinte e seis".

Noutros, a ficción é puramente poética e lévanos a un mundo máxico onde podemos atopar a un mariñeiro que serviu ao rei Melchor, ou asistir ao drama do cabalo de axedrez.

Estou completamente certo de que o día en que os nosos estudantes teñan a literatura galega como asignatura, estes contos pantásticos de Rafael Dieste resultarán pra eles un verdadeiro achádego e unha auténtica regalía.

Polo que respecta aos contos maxinativos, aqueles nos que —como diximos— Rafael Dieste evidencia a sua capacidade evocadora da vivencia, aparecen nidiamente reflexadas as nosas xentes galegas. Neles está o noso carácter, a nosa personalidade, o noso ser.

Dígase se non, se hai algún xeito máis atinado e artístico de expresar o noso complexo de inferioridade que no conto "Encol da morte de Bieito", ou a defensa heroica das propias conviccións que no relato "De como se condenou o Ramírez".

Dígase se as nosas crencias populares, a nosa cultura espiritual, pode ser expresada dun xeito máis orixinal e literario que nese conto titulado "A volta".

O mesmo sucede coa dignidade ferida do humilde traballador, ou co silencio melancólico do vello que adiviñou no tren un mundo nunca presentido nas altas toxeiras. O mesmo coa volta do vello emigrante que descobre na sua aldea pequecha todo o grandor do mundo.

En definitiva, nos contos maxinativos de Rafael Dieste está latexante o noso pobo galego. E aproveitando a presencia do autor entre nós, gostaríame referirille coa brevedade que este acto impón, algún caso real que garda relación cos seus contos.

E direille, querido Dieste, que sempre que leo o conto "Encol da morte de Bieito", venme ás mentes un suceso que protagonizou o meu amigo Moisés cando andaba a comprir o servicio militar nun barco da mariña de guerra. Foi un día en que navegaban por alta mar, e o meu amigo con outros compañeiros realizaban o baldeo das cubertas. De súpeto o Moisés ouviu un bruido, talmente como se alguén caera á mar, pero non viu nada. E o meu amigo tivo as mesmas dúbidas daquel portador do cadaleito do Bieito. Tamén el pensou verse convertido no gran revelador, no salvador, no eixo de tódolos asombros e gratitudes se, de certo, alguén caera á mar. ¡Ah! Pero, ¿e se despois de dar a voz de alarma a sua sospeita resultaba falsa? Todo aquel grande asombro trocaríase en ridículo, e sería o pasmón, o parvo, o faime-rir de tódolos compañeiros.

Así, o meu amigo Moisés, como o portador do seu conto, querido Dieste, calou por



medo, por timideza, por complexo de inferioridade. E cando as súas dúbidas facíanse máis anguriosas, chegou cabo del outro mariñeiro andaluz —andaluz, pra que esta anécdota real resulte máis chusca— que non ben coñeceu o temor do noso paisano, sin ver nin ouvir ren, berrou "¡Hombre al agua!", e así se salvou un home que, evidentemente, foi máis afortunado que o probe Bieito.

E cando leo do anticlericalismo do Ramírez, teño por forza que lembrar aquel outro indiano que voltou á sua aldea en tempos da segunda república, e que se queixaba de que neste puñetero país non houbera máis que fábricas de incienso e cera.

Porén, mantiña boas relacións co crego da parroquia porque ámbolos dous tiñan as mesmas debilidades: a birisca e o café. Xogaban ás cartas todo o día e todo o día tiñan ao lume o pucheiro do café, pra botar un cunco entre partida e partida.

Mais velahí que un día fallou o café en España, e tanto o crego coma o indiano andaban adoecidos e non tiñan acougo. A birisca sin café xa non era birisca. E un día tomaron a decisión heroica de poñer a cocer unha manchea de carolos de eucalipto, e beber aquela infusión na vez do arelado café.

Cando encheron os cuncos co aquela brebaxe escura e asomática, o crego recuou e non quixo probala, pero o meu indiano churripiou o primeiro grolo, paldeouno devagariño, e rosmou con voz queda pero rexa:

—"Quiera Dios que don Manuel Azaña no lo tome mejor".

E seguiu bebendo ate valeirar o cunco.

Gostaríame falarlle, amigo Dieste, doutros personaxes da vida real que están xa nos seus contos. Gostaríame falarlle do meu curmán "O inglesiño" —que era de Montecuruto, pero chamabámoslle así polo mal que falaba—, que morreu de neno e voltou do alén pra visitar á mai, pero a súa almiña non poido entrar que cando viña pola eira, unha raxada de vento pechoulle a porta nos fuciños.

Gostaría, en fin, decirlle moitas cousas máis, que vou gardar pró próximo homenaxe que lle fagamos alá cando vostede cumpra cen ou cento cincoenta anos, e siga regalándonos co seu talento e coa súa esgrevia personalidade.

# Homenaje a Rafael Dieste

ANTONIO Y ANGELA SANCHEZ BARBUDO
Middleton, Wisconsin,
Marzo 1981

Con mucho entusiasmo, desde nuestro rincón en los Estados Unidos, queremos adherirnos al homenaje que el Ateneo Ferrolano ofrece a nuestro querido y admirado amigo Rafael Dieste, gallego universal.*

Podría decirse que Dieste ha pasado su vida de cara hacia el misterio, hacia lo más alto y lejano. Pero también es cierto que él vivió siempre, y vive todavía, atento a su alrededor, a los hombres y a la vida. Siempre desvelando todo lo bello, alado o sorprendente que al vivir él descubre: sea esto un gesto, una flor, su propia conciencia o el espíritu soñador de un marinero de sus rías.

De esa enamorada contemplación y atención suya a los otros, de su hondo intuir y meditación, ha nacido su importante obra literaria y filosófica. Una obra original, transcendente y a menudo muy hermosa, que sólo quizás ahora empieza a apreciarse en lo que vale.

Pero además Dieste, con su lucidez y pasión, con su gran generosidad y entrañable sentimiento de la amistad, que él ha tratado siempre de encauzar hacia los más nobles fines, ha dejado en nosotros, como en muchos discípulos, amigos y admiradores suyos —en Galicia como en Madrid o en América— una profunda huella que muchos nunca olvidaremos y que siempre le hemos de agradecer.

Que viva muchos años —fraterno, embelesado, meditativo y creador— acompañado por Carmen, su siempre leal y devota compañera y colaboradora, es lo que de todo corazón le desean sus viejos amigos.

Antonio Sánchez Barbudo
Angela S. Sánchez Barbudo



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

# LORENZO VARELA
# LUIS SEOANE
# RAFAEL DIESTE




Ateneo Ferrolán

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

# Lembranza de Lorenzo Varela, R. Dieste e Luis Seoane, coas cálidas verbas de M.ª Gerstein, muller de Lorenzo Varela

Queridos amigos del Ateneo Ferrolán:

Por intermedio de vuestro Vicepresidente, don Luis Mera Naveiras, he recibido carta donde se dice de la próxima aparición de un Cuaderno Ateneo dedicado a Lorenzo Varela y a quienes fueron sus dos entrañables amigos, Rafael Dieste y Luis Seoane.

¡Cómo no recordar, cómo poder olvidar, tantas vivencias junto a Lorenzo y sus amigos en los largos días de Buenos Aires!

¡Cómo no recordar esas veladas en nuestra casa de la calle Chacahueco, en el porteño barrio de Montserrat, en donde el tema central era España y, por supuesto, Galicia!

Eran muchos los gallegos y españoles que nos visitaban y que nos traían recuerdos y noticias y que encontraban en Lorenzo al oidor atento y al consejero emocionado, pero siempre escueto y preciso.

Fuimos también muchos los argentinos y argentinas que a través de Lorenzo, de Rafael y de Luis aprendimos a amar y a conocer Galicia, la Galicia profunda del amor y de la guerra, que a veces se desdibuja en el dolorido soñar del emigrante.

Podría llenar hojas enteras hablándoles de Lorenzo, de sus ideas, de su conocimiento profundo de los pueblos, los hombres y las cosas. Desgraciadamente la salud no me acompaña.

Sea pues este saludo cordial para todos Uds., y que la realidad, ahora más cercana, de una Galicia libre dentro de una España libre, sirva como el mejor homenaje a Lorenzo, Luis y Rafael, que lucharon sin pausa y sin descanso por esa tierra a la que tanto quisieron.

MARUJA FERNANDEZ DE SEOANE

Saúda aos directivos do Ateneo Ferrolán e remítolles a copia das verbas que Luis Seoane tiña escritas para homenaxear ao seu querido amigo Lorenzo Varela. Felicítolles pola laboura que están facendo a prol da cultura galega, que boa falta lle foi á nosa querida Terra.

A Coruña 15-2-1980



Ateneo
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

Lorenzo Varela, Luis Seoane, Rafael Dieste...

¡Con qué buen tino fue hecha esta secuencia de homenajes del Ateneo Ferrolán a tres personas verdaderamente extraordinarias!

Personas muy distintas y de edades diferentes —dentro de su contemporaneidad—, pero unidas por una gran amistad y por su amor a Galicia.

Los tres orientaron su actividad creadora —tanto en España como en el exilio— a conocer y rescatar los valores más auténticos de la cultura gallega, a fin de que Galicia, teniendo una mayor conciencia de sí, pudiera florecer y manifestarse según sus más genuinos impulsos.

Con la profunda gratitud al Ateneo Ferrolán de

Carmen Muñoz de Dieste

La Coruña, Octubre, 1982.

# Tres esgrevios galegos da diáspora

XAVIER COSTA CLAVELL

Pídeme o Ateneo Ferrolán un traballo pra publicar no "Cuaderno Ateneo" que, co gallo do homaxe a Rafael Dieste, irá adicado ó escritor de Rianxo e máis a Luis Seoane e Lorenzo Varela, e, aínda que é iste un intre de intenso traballo pra min, non podo refugar baixo ningún pretexto a honrosa invitación que se me fai. Ven quixera escribir un análisis da vida e máis da obra das tres admiradas e queridas figuras galegas en profundidade e co rigor que as súas relevantes personalidades merecen dabondo. Pero terei que limitarme a redactar simplemente unhas liñas de urxencia por falla de tempo. Tentarei suliñar os riscos máis sobranceiros do xorne ético común a Seoane, Varela e máis Dieste e o siñificado galego e democrático da obra literaria —esguellando, ben ao meu pesar, a plástica do primeiro— de cada un diles.

Cando en Galicia viviase en mouro silencio e presa do terror imposto pola dictadura franquista, as voces de Luis Seoane, de Lorenzo Varela, de Rafael Dieste e doutros gallegos libres, que vivían a doorida libertade do esilio na outra beira do Atlántico, erguíanse en revistas e xornales de Bos Aires ou de México en defensa da patria asoballada, denunciando asesinatos —físicos ou espirituales—, traiciós, deslealtades, e creando, en verso ou en prosa, unha obra —no canle do libro— chea de fonda galeguidade. Os seus artigos, os seus poemas e os seus libros soio chegaban, por desgracia, a uns poucos galegos de aiquí. Era a de aquiles homes unha voz sin apenas eco na Galicia da "longa noite de pedra". Non chegaron a min as súas nobres voces hastra moitos anos máis tarde, xa ben entrada a década dos cincoenta, e foi entón cando, coma lles aconteceu á maioria dos da miña xeneración e das xeneraciós posteriores, poiden valorar a nutricia importancia simbólica do que escribían en América os galegos da diáspora. A obra de Luis Seoane, a de Lorenzo Varela e máis a de Rafael Dieste servirán en definitiva, pra que non se apagase no seo da cultura gallega a lumeira da libertade. Era a semente cuio froito recollerían despois os escritores e poetas novos.

Gardo de Luis Seoane a máis agradecida i emocioada lembranza. Foi un xeneroso amigo meu dende os anos sesenta, cando tiven a sorte de que me viñera a ver á miña casa de Barcelona nun dos primeiros viaxes que o gran artista e poeta fixo a España. Luis era un dos galegos máis enxebres e apaixoados que teño coñecido. Home de limpo historial galeguista, defendía con afervoado sentimento e lúcida dialéctica a diferenciada personalidade de Galicia. Na conversa —Luis era un engaiolante conversador, cuia abraiante memoria facía lampexar decote o seu impresionante bagaxe cultural—, no artigo, no cadro, no grabado, no verso, Seoane amosábase sempre coma un galego de corpo enteiro, coma un rexo e insobornable loitador demócrata. Ninguén se sentíu no seu tempo máis galego ca il



Ateneo Fe
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204 Ferrol
www.ateneoferrolan.org

ninguén defendéu ó seu pobo máis sinceira e desinteresadamente. Así, contou, nun doorido e belido poema:

**Un pobo vivindo na anarquía**
**dende fai mil anos.**
**Antre embargos,**
**vilanías,**
**benzoarios**
**herdanzas,**
**repartos.**
**(...) Un pobo, o noso,**
**vivendo en sí mesmo.**
**Esmagado cen veces en mil anos**
**e dondamente afirmándose**
**na propia terra e lonxe de esa terra.**
**Noutras terras.**

Foi na casa de Luis Seoane, en Bos Aires —en 1793 ou 1974—, onde coñecín persoalmente a Lorenzo Varela, por cuia fremosa poesía sentía en dende facía tempo unha fonda admiración. Tratei despois —pouco— ao gran poeta morto en Madrid, cando Lorenzo Varela, ó desaparecer o dictador, tentaba curarse inúltimente das feridas de coarenta anos de esilio. Il, un dos máis suxetivos poetas galegos do século XX, il, que fora en Bos Aires un crítico de arte de moito prestixio, atopábase, ao voltar a España, coa triste realidade de que, en plena madurez creadora, tiña que escomenzar de novo, coma si fora un rapaz descoñecido. A súa orixinal persoalidade perdérase, ó parescer, no mar: ninguén daba mostras de saber —agás os seus amigos galegos— quen era aquil poeta e aquil crítico fora de serie. Il, Lorenzo Varela, cantara, desde Bos Aires, en 1942, en emocioados versos casteláns:

**No me digáis, amigos, que eran sueño**
**amores y batallas ya pasados;**
**y que es sólo ilusión desamparada**
**la fe que vive sólo por sus huellas...**

Pos, sí, meu amigo, aquellas "Torres de amor" —tíduo do teu poema— non eran máis que soño, "ilusión desamparada"... Lorenzo Varela vivíu pouco tempo dende a súa volta do eisilio: morreu, en boa parte, de tristeza e desilusión, coas "huellas" da súa fe inoradas polos demáis.

Fica ainda vivo —e ogallá por moitos anos— Rafael Dieste. E o persoaxe que menos tratei dos tres. Coido que o coñecín na súa casa da Coruña fai tres ou catro anos, co gallo de lle levar, un encárrego que me fixera pra il un editor amigo meu de Barcelona. Autor dunha obra tanto en galego coma en castelán —**A fiestra valdeira, Os arquivos do trasno, Historias e invenciones de Félix Muriel...**— de excepcional calidade literaria, Dieste é un melro branco nos predios das letras. Non doutro xeito se pode calificar o caso dun home que, coma Rafael Dieste, á súa laboura de creación literaria suma a de riguroso escritor que nin siquer desbota as matemáticas coma materia de ensaio creador. Perante un home de tan vastos e complexos saberes coma é o autor de **A fiestra valdeira**, un síntese sorprendido e cheo de respeto. Non oustante, a súa cordial humanidade afasta, ó estar a carón dil, toda reserva ou medo. Rafael Dieste, igoal que a maoría dos grandes creadores e homes de pensamento, é un home sinxelo, angaioladoramente cortés e simpático. E, dende logo, un galego cen por cen.

# O que representa pra min a obra e a vida de Rafael Dieste, Luis Seoane e Lorenzo Varela

ISAAC DIAZ PARDO
Sargadelos, abril de 1981

Todavía hoxe pálpase ise intento sinistro de violentar a historia inflando ou silenzando o que aos falsos historiadores, ou aos falsos institutos de historia, lles conviña. Tales tempos teñen desorientado transtornando o antecedente de moitos que ao empuñar hoxe unha bandeira galega coidan ser iles os inventores da reivindicación da personalidade histórica de Galicia, con deslealtade e as veces con graves consecuencias para a nosa terra.

Xa habían pasado vinte anos dende que se iniciara a nosa guerra civil e ises historiadores e ises institutos de historia que funcionaban no pais seguian mantendo silenzo sobre a existencia de homes como os que hoxe o Ateneo Ferrolán ten empeño en significar nunha relembranza ben necesaria que contribuirá a desenterrar a nosa historia contemporánea, porque é moito o que fica agachado tras da desmemoriación que nos teñen fabricado. E non hai que confundir que a reivindicación de esa nosa historia poda ter algo que ver cun agachado resentimento pois pensamos que temos dado mostras todos, ou a inmensa maioría, de haber superado con creces o seu trauma.

Cando tiven conocemento de que Rafael Dieste, Luis Seoane e Lorenzo Varela estaban en Buenos Aires, e aló, xunto con outros, mantiñan acesa a imaxen dunha Galicia intelixente, que acó estaba prohibida, pensei que o millor que se podía facer era conectar con ela. Resultaba intimamente incómodo pensar en traballar aquí, onde se nos estaba ocultando a existencia de aquela Galicia do exilio que representaba a nosa verdadeira tradición cultural e que en condiciós moi difíciles nos estaba dando unha lección de conducta humán.

Veiase a necesidade de sair da trampa histórica que nos tiñan tendido.

No ano 55 fixen o meu primeiro viaxe a Arxentina e ainda que oficialmente figuraba como un emigrante máis que se iba a buscar millor vida o certo é que a miña intención non era outra que a de conectar con esta xente, precisamente con istes tres homes que para min eran o mais importante que tiñamos, e isto que digo non é valorativo da obra que cada un deixa, o que quere decir que pode haber outras millores, senon que o digo como un entendemento de conxunto, dado home coa sua obra en razón da sua conducta social, o que para min ten unha especial valoración, sin pretender que esta valoración miña seña a millor.



Dieste, Seoane e Varela, coma todos os exiliados que estiveron máis de duas décadas fora, non estaban no exilio por capricho, nin siqueira porque tiveran prohibido o voltar á terra, ainda que nos primeiros vinte anos terían de someterse a unha depuración pra voltar. Iles mantíñanse no exilio pra dar testemuña, facendo unha testemuña, facendo unha protesta contra o que estaba ocurrindo na nosa patria. Iles habían loitado ao lado da República, que naquel intre supoñia loitar pola libertade e polo reconocemento dos valores diferenciais de Galicia e dos nosos dereitos. Certo que non foran iles só quenes habían consagrado a sua vida, sacrificándoo todo, por loitar polos dereitos de todos. Foron centos de miles de patriotas, a maioria dos cuais, dolorosamente, van a pasar á historia como hérois anónimos. Mais contra esa diferente sorte que concede o valor da obra non podemos facer ren.

Istes homes que hoxe estamos relembrando e homenaxeando constituían e constituien a vangarda do pensamento do noso tempo. Tiñan adequerido un compromiso coa problemática do seu tempo, que era problemática nova, que supuña unha verdadeira mutación no xeito de entender no noso tempo os problemas da vida e da arte. Non en van o cambio nas relacións da producción non había sido só unha revolución industrial senón que pola súa dinámica abriu un proceso de cambio social, no que todavía nos atopamos, namentras os excesos do hiperindustrialismo despilfarrante de recursos se está vindo abaixo. Iste cambio de relacións supoñia unha nova óptica para ollar a problemática non só da vida senón tamén da arte, porque as duas veñen a ser a mesma cousa.

O compromiso con esta problemática é o motor das vangardas históricas que pasaron a ser perseguidas sañudamente cando adviñeron á Europa os rexímenes corporativos. Pois ben, pra min o significado fundamental distes tres homes, é que pertenecían e pertenecen a estas vangardas, están comprometidos coa sua problemática e cos límites xeométricos que tiña a solución dos seus problemas, que son exactamente os límites da arte do noso tempo.

# Recordando recordos...

AURORA DE ALBORNOZ

Aquella tarde, amigo Luis Mera, redactaba unas líneas, unas palabras para vuestro Ateneo; unas páginas —que iban creciendo— para vuestros —mis— poetas exiliados, regresados, muertos (queridos muertos) dos de ellos, vivo (por fortuna) Rafael, al que sólo vi dos veces y entreveo muchas entre las ráfagas que me llegan con sus versos (Rojo farol amante, iluminante).

Aquella tarde, Luis, recordaba recuerdos... Rafael Dieste, en sus versos —ya lo dije— y en las palabras que cruzamos en nuestro primer encuentro, en La Coruña. Luis Seoane, dibujando, dibujándome, en un estudio lleno de la luz plata de una tarde, también ahí, en vuestra tierra. (Y ¿por qué esa vuestra tierra la siento tan mía?) Lorenzo Varela. Lorenzo, aquí, en mi casa madrileña, comunicándonos, comprendiéndonos...

Aquella tarde, precisamente aquella, pensaba en mi exilio; en mis primeros años de exilio en una tierra (que hoy es también muy mía) a donde llegué adolescente, cuando los horrores de la guerra habían pasado, dejando paso a los horrores de la posguerra que no cesaban —1944—; que no cesaban.

Llegué allí, a Puerto Rico, y fue allí donde me encontré con Rosalía —eso contaba yo en aquellas líneas que iban naciendo aquella tarde—. Y Rosalía me abrió un mundo, en una lengua que no entendía del todo, y que, por ella, quise entender. Luego vinieron los poetas de este siglo: me los mostró "don Sebastián" (así le llamábamos a nuestro Decano de Humanidades, cuando no "don Bachán") que los quería como cosa suya que eran, y que guardaba sus obras con amor: libros en prosa o libros de versos que habían nacido por los años veinte o treinta —publicados allí, antes de aquella guerra— y otros, que ahora llegaban de tierras de América: de Buenos Aires, casi siempre.

¿Qué encontraba yo en todos aquellos poetas, en muchos de aquellos poemas en lengua gallega —alguno, en castellano con acento galleguísimo— que me los hacía tan próximos, tan míos? Hablaban de tierra; de agua —mares y ríos, de lluvias y de fuentes—; de aire —azulramizado— sobre verdes infinitos; de nieblas... Nieblas veladoras de ánimas ocultas que se esconden en las cosas —¡esas cosas tan sencillas!— que mis dedos de niña tocaran; que escucharan mis oídos; que me entraron —un día— por los ojos, amarillas, como la flor del toxo; florecientes, como los cerezos multiplicados. Hablaban, los poetas, gallegos de esas cosas, porque habían oído cada una de las voces de cada partícula de tierra y agua; de cada volar de flores y de sombras. Y sabían ponerlo en palabras, con estremecimiento. (No. No me dijeron todo eso los poetas de una tierra donde también los



Ateneo Ferrolán
Fundado en 1879
www.ateneoferrolan.org

ríos pequeños fluyen apretados de voces deconocidas, y las agujas de los pinos amenazan la carne de los niños inquietos, y la niebla se llena de lobos que vienen por las noches... No me lo dijeron los poetas de la tierra donde yo había sentido todo eso, y sí me lo decían los de esa otra tierra, que sólo conocí de paso, porque allí fui a coger el barco que me llevaría lejos, que me llevaba lejos, me llevó lejos).

Recuerdo que recordaba, Luis, cómo me encontré con la poesía gallega; cómo me encontré con los tres amigos —poetas, exiliados— a los que el Ateneo Ferrolán rendiría homenaje, y yo no quería estar ausente.

Pero aquella tarde, Luis, el minuto presente vino, en forma violenta, a irrumpir, a romper un pasado que yo intentaba hacer presente en unas hojas de papel...

En la máquina quedó el papel que no pudo vivir del todo, y, al lado, otros, llenos de palabras por revisar. Y nada fue revisado entonces porque hubo de ser desplazado todo aquello —¡qué lejos ya! ¡cuántos años pasaron, desde las horas anteriores a aquellos minutos!—. Y hubo que callar los recuerdos lejanos, las evocaciones de unos amigos —en cuyo homenaje yo quería estar presente— porque urgía hacer (¿hacer qué?). Pero hacer, como ellos hicieron mucho antes, en aquella guerra que creíamos olvidar, pero ahora, no, no podíamos, y había que hacer ¿qué? No, no sabía.

Mas en todo caso, imposible seguir uniendo palabras, intentando evocar imágenes, porque llegaba sólo una imagen única: el horror de una niña de diez años sintiendo la violencia de la muerte en torno; una imagen sólo, única, se me alzaba, inmensa, en frente: la niña que era yo en aquel julio de 1936.

Y no sé a dónde fueron a parar aquellos papeles inacabados, que redactaba en la tarde de aquella del 23 de febrero de 1981.

Para explicártelo, Luis, te envío hoy estas líneas: un homenaje trunco a tres poetas; a su poesía; a la poesía gallega. Y A la tierra vuestra, querida.

Aurora de Albornoz

# Para colabourar nunha idea atinada

RAMON PIÑEIRO

Adicar un "Cuaderno" a Rafael Dieste, Luis Seoane e Lorenzo Varela é unha idea atinada, porque son tres nomes unidos por fondos vencellos biográficos e afectivos. Unilos nun mesmo homenaxe é un modo de recoñecer ese feito, que tamén ten importancia obxetiva para a nosa cultura.

LORENZO VARELA EN LUGO. Dos tres, o primeiro que coñecín foi Lorenzo Varela. Coincidimos en Lugo do 32 ao 34 e colaboramos na fundación da "Mocedade Galeguista". Axiña nos fixemos amigos. Tiñamos en común o sentimento galeguista e as inquietudes culturais, e aceptábamos con respeto absoluto as nosas diferencias de temperamento e de ideoloxía política, porque él, ademais da sincera convicción reivindicativa da personalidade de Galicia, profesaba entón no ideal da revolución universal personificado por Trosky.

Naqueles anos non firmaba Lorenzo, senón Xesús; pero todos o coñecíamos por "o Arxentino". Era un rapaz moi intelixente, de fonda sensibilidade, agudo dominio da ironía e notable aplomo. Destacaba pola forza interior da sua personalidade e era áxil e moi eficaz no diálogo polémico, pero sensible e moi considerado cos valores humanos merecentes de respeto.

A nosa convivencia luguesa foi intensa e franca. Na primeira etapa, colaboramos moito nas actividades galeguistas; na segunda, cando o seu compromiso pleno co grupo de Izquierda Comunista nos arredou políticamente, a nosa amistade seguíu inalterada. Seguía léndome os seus poemas, contándome os seus problemas, dándome a gardar papeis políticos que o podían comprometer cando temía algún rexistro policial. Tiña o coñocemento de que eu tamén escribía poemas e que, por pudor, os gardaba en secreto. Con gran sutileza cordial, algunha vez intentou animarme a romper o suposto hermetismo.

Polas ruas de Lugo, polo parque, pola muralla, pola Praza Maior temos paseado horas e horas falando de moitas cousas que nos interesaban e ás veces nos entusiasmaban. Algunha vez ten transcurrido a noite absorbida misteriosamente pola nosa conversa e recuperábamos a conciencia do tempo ao compartir a sorpresa máxica do mencer.

Un dia, estando eu en Láncara, marchou para Madrid nun camión de pescado. Segundo me informou Fole, levaba unha maleta e un saco de libros. Ao cabo de algún tempo escribiume unha carta na que incluia dous ou tres poemas. Non volvemos vernos nin comunicarnos directamente astra despois de pasados cuarenta anos, cando xa lle quedaban ben poucos de vida.



LUIS SEOANE EN SANTIAGO. No ano 33 coñecín a Luis Seoane en Santiago. Era a miña primeira visita a Compostela e Luis Manteiga amostroume a cidade con garimosa amabilidade. Tamén me presentou algunhas persoas, entre elas a Luis Seoane. Eu sabía del polas conversas con Anxel Fole e coñecía as ilustracións —que moito me gustaran— do libro de Cunqueiro "Poemas do Sí e Non". Encontrámonos varias veces e sempre falaba de modo impulsivo, en tono emotivo e expresando ideas moi directas; pero a sua actitude era moi sinxela e cordial. Percibíase nel unha nobre rebeldía militante frente a todo o que consideraba inxusto ou caduco e, ao mesmo tempo, un corazón xeneroso e aberto ao entusiasmo.

Naqueles anos, Seoane interesábase vivamente pola evolución do arte europeo, pero tamén vivía con grande intensidade a evolución da política española. Por necesidade temperamental, compartía as suas inquietudes cos amigos. A sua xenerosidade cordial creaba amistade e, ao mesmo tempo, necesitaba dela.

Nos últimos anos da República incorporouse ao Partido Galeguista e estableceu bufete de abogado na Coruña. Pero antes das eleccións do 36 coincidimos de novo en Santiago nunha asamblea galeguista. Percurounos a Fole e mais a min porque os da Coruña temían que defendésemos a abstención electoral do Partido e encomendáronlle a él a misión de nos disuadir. Foi a última conversa que tivemos con él antes da guerra.

Durante a guerra logrou marchar a Buenos Aires, pero as suas raíces galegas e as suas lembranzas compostelanas aviveceron dolorosamente na ausencia forzada e leváronno a despregar unha actividade cultural galega verdadeiramente extraordinaria, na que participaron Dieste e Lorenzo Varela entre outros, e á que aínda non se lle fixo a xusticia debida.

RAFAEL DIESTE EN RIANXO. Do mesmo xeito que nos casos de Lorenzo Varela e de Luis Seoane me ven ás mentes a lembranza do pasado lonxano que me une a eles, no caso de Rafael Dieste acude ao meu espírito unha fonda e permanente arela que, por non realizada aínda, situo confiadamente no futuro.

Certo que "vin" a Rafael Dieste nun café lugués alá polo ano 34, pero non cheguei a falar con él. Eu xa coñecía "Dos Arquivos do Trasno" e mais "A Fiestra Valdeira", e mesmo sabía de memoria "Na morte de Estreliña" porque me engailara o seu maravilloso equilibrio de ternura e poesía; pero non tiven oportunidade de falar co autor.

Pasaron moitos anos. A guerra e o exilio mantiveron a Rafael lonxe de Galicia. Pero, curiosamente, eu percibía que seguía tendo unha vigorosa presencia a través dos seus amigos, moitos deles tamén amigos meus. Ao longo de tantos anos, todos eles me falaban de Rafael con grande admiración intelectual e con fonda estimanza persoal. En todos había como unha nostalxia perene da lonxana e fecunda convivencia espiritoal co amigo agora ausente no exilio.

Co tempo, Rafael e Carmen voltaron para Galicia e non tardei en coñecelos. Confeso que ao longo dos anos e a través dos amigos eu fora formando unha imaxe de Rafael un chisco "doutoral". Imaxe elaborada ao longo de anos, pero esfarelada en poucos minutos. Axiña comprendín que non era "ciencia doutoral" senón "sabiduría profunda" o que os amigos admiraban nel. Porque fai falta moita sabiduría íntima —e case poderíamos decir innata— para lograr esa espontaneidad reflexiva que se bota de ver na sua palabra e nos seus xuicios. Só un espírito máximamente libre pode armonizar o pálpito da sensibilidade, o revoar da imaxinación e o rigor lóxico do razonamento no fluir espontáneo da palabra. E Rafael faino, porque el é un dos grandes artistas da palabra que temos no noso país. E tamén, de certo, un dos espíritos máis libres.

Mais velahí que o universo de Rafael Dieste, amplo e ricaz como é, ten o seu centro en Rianxo. Mesmamente alí, e con el, é como podemos abranguer a plenitude dese universo. Todolos galegos amantes da libertade espiritoal deberiamos pasar un dia en Rianxo con Rafael Dieste. Que é talmente a vella arela que penso cumplir.

Ramón Piñeiro



LORENZO VARELA por Seoane - 1951



SEOANE por Braxe - 1981



RAFAEL DIESTE por Díaz Pardo - 1962





Ateneo Ferrolan
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

# Epílogo

Luis Seoane foi unha criatura humana con fondas virtudes. Si digo fondas, é porque quero suliñar o que elas tiñan de oculto, de ben celado. Cando unha persoa non fai fachenda de aquelo que máis o distingue, esa persoa é, no senso forte da verba, un ser de escepción.

Son moitos os servicios que Luis Seoane cumpriu coa sua terra. Velahí están a obra plástica e a literaria para certificalo. Creacións valiosas de enérxico bulto permanente. Creacións que interésanos a todos soerguer por riba de nós mesmos. Nelas están, virtuais pro poderosos, os méritos raiceiros do noso amigo. E con elas nos fondóns do espíritu imos camiñando. Animados, enfortecidos e ledos.

A ausencia da persoa queda así compensada. ¿Qué máis pode pedirse? Ren máis. Pois temos a permanencia, o exemplo e a escondida elegancia.

DOMINGO GARCIA-SABELL

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204. Ferrol
www.ateneoferrolan.org

## ADHESIONS

Ate o Ateneo Ferrolán chegaron as adhesións sentidas e entusiastas de moita xente, con textos moi fermosos. Ante a imposibilidade de publicar tódolos mensaxes, queremos deixar constancia do seu testimuño, ó mesmo tempo que agradecémoslle a todos, persoas e entidades públicas, políticas e culturales, as suas verbas de recoñocimento por tres ilustres homenaxeados.

Francisco Ayala
María Luisa Sobrino Manzanares
José Sánchez Reboredo
Rafael Alberti
Xoaquín Lorenzo
Manuel Prego de Oliver
María do Carme Enríquez Salido
Benxamín Casal
Maite Merodio y Jesús Munárriz
Javier Alfaya
Marino Dónega
Otero Espasandín
Enrique Azcoaga
Xosé Díaz Pardo
Estelle Irizarvy
Santiago Alvarez
Comisión de Cultura do Concello de Ferrol
Comisión de Cultura do Comité Central do PCG
Comisión de Cultura do PSOE do Ferrol
Comisión de Cultura do Colexio de Arquitectos de Galicia
Axuntamento de Neda
Instituto Politécnico "Marqués de Suanzes", de Ferrol
Instituto da Bachillerato "Concepción Arenal", de Ferrol

# ASI NACEU ESTE CUADERNO

Xosé A. Ponte Far

Con entusiasmo e solidaridade. Con tan soio estas duas nobres verbas poderíamos resumir o longo proceso de elaboración deste libriño de homenaxe e recordo que o Ateneo Ferrolán lle adica a tres grandes persoalidades das letras e da cultura galega. Duas verbas que estiveron sempre no traballo e no espírito das xentes que o fixeron posibel. E o camiño a percorrer foi longo e traballoso.

Todo escomenzóu nunha noite de Febreiro de 1980, co inverno guiando, dende a noite escura, o vento e a chuvia; estábamos medio cento de persoas nun acto cultural, orgaizado polo Ateneo, e adicado ó poeta Lorenzo Varela. Casi ninguén coñecía a poesía deste home un tanto alleo ás novas correntes poéticas que por aquí se estilaban. Pero as verbas quentes de Rafael Dieste ó falarnos del, e a lene voz da sua dona -Carmen Muñoz- recitando distintos poemas do poeta de Monterroso, achegáron-nos a treveso dos ecos e dos silenzos da noite, á poesía cuidada e á persoalidade recia de Lorenzo Varela. Foi, para a meirande parte dos que alí estábamos, un afortuado e venturoso descobrimento.

Despóis, -un ano máis tarde- foi o acto que o Ateneo Ferrolán orgaiza como homenaxe a Rafael Dieste. O primeiro que, na vida dél, se lle fixo en Galicia ó gran escritor rianxeiro. O pobo de Ferrol respostóu como casi sempre. Non se cabía no salón de actos do Instituto. E tampouco faltaron os amigos do homenaxeado, persoas esgrevias das letras e da cultura galega. Alí estaban Domingo García Sabell, Basilio Losada, Isaac Díaz Pardo, Fernández del Riego, Ramón Piñeiro, a viuda de Luis Seoane, Maruxa Mallo, a recente viuda de Fermín Penzol e outros moitos cuia cita faría unha lista moi longa. A emoción do gran home que foi Rafael Dieste estivo por enriba de todo e valíu, por si mesma, todo o esforzo e entusiasmo que na orgaización e coordinación do acto puxo o Ateneo.

No medio de Lorenzo Varela e de Rafael Dieste quedaba Luis Seoane, vencellado moi directamente cos dous escritores e tamén co Ateneo Ferrolán, que axudou a dar a coñecer a sua obra plástica e literaria. A inclusión da figura forte e sobria de Luis Seoane como obxeto da lembranza e ademiración de moitos galegos, ven tamén a completar o símbolo dos escritores que se fixeron, déronse a coñecer e engrandeceron o nome de Galicia e o fardel da sua cultura, lonxe da sua terra, no eisilio das Américas.

Máis ou menos, así foi como nacéu no Ateneo Ferrolán a idea de adicar unhas páxinas literarias á lembranza destes tres esgrevios literatos. Foron tres homes vencellados pola amistade e pola fe na cultura galega. Como quen cree na cultura dun pobo, ten que creer na xente dese pobo, nós, como galegos, destinatarios desa fe e desa espranza, queremos agradecerlle as suas inquedanzas e loitas pola Galicia de todos, co noso recoñecimento púbrico e co pequeno homenaxe deste testimuño literario.

## COLOFON

Finalizouse a impresión diste número que
consta de 2000 exemplares, no mes
de Nadal de 1983, nos talleres da
Imprenta López Torre de Pontedeume.

Está adicado á memoria
de Lorenzo Varela, Luis Seoane e
Rafael Dieste,
exemplo da Galicia peregrina
que nos vieiros do éxodo
camiñaron derrotados
pero non vencidos.

Estas páxinas son a testimuña da
nosa admiración e noso afecto,
coa vontade de continuar
coa sua obra. Galicia.

Cuadernos do Ateneo cumple así
este compromiso coa recuperación
da nosa cultura diferenciada.



Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura
Fundado en 1879
Rúa Magdalena 202-204, Ferrol
www.ateneoferrolan.org

"Un pobo que recorda os seus poetas revela a sua propia vitalidade. Con homenaxes así, Galicia afirma a forza e a dimensión do seu esprito".

XOSE NEIRA VILAS

"Hai moitos xeitos de amar e defender á terra de ún, ao seu sagro ser. Coido que o máis valioso, ou dos máis valiosos, é aquel que consiste en crear obra de beleza".

DOMINGO GARCIA SABELL

"Istes homes que hoxe estamos relembrando e homenaxeando constituian e constituien a vangarda do pensamento do noso tempo. Tiñan adequerido un compromiso coa problemática do seu tempo, que era problemática nova, que supuña unha verdadeira mutación no xeito de entender no noso tempo os problemas da vida e da arte".

ISAAC DIAZ PARDO

"A obra de Luis Seoane, a de Lorenzo Varela e máis a de Rafael Dieste servirán, en definitiva, para que non se apague no seo da cultura galega a lumeira da libertade".

XAVIER COSTA CLAVELL

PONGA S
AL F
DE L
FERROL

RAFAEL DIESTE · LUIS SEOANE · LORENZO VARELA

# cuadernos

# ateneo ferrolán

**ANO III - NUMERO II - NADAL 1983**

# Para colabourar nunha idea atinada

RAMON PIÑEIRO

Adicar un "Cuaderno" a Rafael Dieste, Luis Seoane e Lorenzo Varela é unha idea atinada, porque son tres nomes unidos por fondos vencellos biográficos e afectivos. Unilos nun mesmo homenaxe é un modo de recoñecer ese feito, que tamén ten importancia obxetiva para a nosa cultura.

LORENZO VARELA EN LUGO. Dos tres, o primeiro que coñecín foi Lorenzo Varela. Coincidimos en Lugo do 32 ao 34 e colaboramos na fundación da "Mocedade Galeguista". Axiña nos fixemos amigos. Tiñamos en común o sentimento galeguista e as inquietudes culturais, e aceptábamos con respeto absoluto as nosas diferencias de temperamento e de ideoloxía política, porque él, ademais da sincera convicción reivindicativa da personalidade de Galicia, profesaba entón no ideal da revolución universal personificado por Trosky.

Naqueles anos non firmaba Lorenzo, senón Xesús; pero todos o coñecíamos por "o Arxentino". Era un rapaz moi intelixente, de fonda sensibilidade, agudo dominio da ironía e notable aplomo. Destacaba pola forza interior da sua personalidade e era áxil e moi eficaz no diálogo polémico, pero sensible e moi considerado cos valores humanos merecentes de respeto.

A nosa convivencia luguesa foi intensa e franca. Na primeira etapa, colaboramos moito nas actividades galeguistas; na segunda, cando o seu compromiso pleno co grupo de Izquierda Comunista nos arredou políticamente, a nosa amistade seguíu inalterada. Seguía léndome os seus poemas, contándome os seus problemas, dándome a gardar papeis políticos que o podían comprometer cando temía algún rexistro policial. Tiña o coñocemento de que eu tamén escribía poemas e que, por pudor, os gardaba en secreto. Con gran sutileza cordial, algunha vez intentou animarme a romper o suposto hermetismo.

Polas ruas de Lugo, polo parque, pola muralla, pola Praza Maior temos paseado horas e horas falando de moitas cousas que nos interesaban e ás veces nos entusiasmaban. Algunha vez ten transcurrido a noite absorbida misteriosamente pola nosa conversa e recuperábamos a conciencia do tempo ao compartir a sorpresa máxica do mencer.

Un dia, estando eu en Láncara, marchou para Madrid nun camión de pescado. Segundo me informou Fole, levaba unha maleta e un saco de libros. Ao cabo de algún tempo escribíume unha carta na que incluía dous ou tres poemas. Non volvemos vernos nin comunicarnos directamente astra despois de pasados cuarenta anos, cando xa lle quedaban ben poucos de vida.



LUIS SEOANE EN SANTIAGO. No ano 33 coñecín a Luis Seoane en Santiago. Era a miña primeira visita a Compostela e Luis Manteiga amostroume a cidade con garimosa amabilidade. Tamén me presentou algunhas persoas, entre elas a Luis Seoane. Eu sabía del polas conversas con Anxel Fole e coñecía as ilustracións —que moito me gustaran— do libro de Cunqueiro "Poemas do Sí e Non". Encontrámonos varias veces e sempre falaba de modo impulsivo, en tono emotivo e expresando ideas moi directas; pero a sua actitude era moi sinxela e cordial. Percibíase nel unha nobre rebeldía militante frente a todo o que consideraba inxusto ou caduco e, ao mesmo tempo, un corazón xeneroso e aberto ao entusiasmo.

www.ateneoferrolan.org

Naqueles anos, Seoane interesábase vivamente pola evolución do arte europeo, pero tamén vivía con grande intensidade a evolución da política española. Por necesidade temperamental, compartía as suas inquietudes cos amigos. A sua xenerosidade cordial creaba amistade e, ao mesmo tempo, necesitaba dela.

Nos últimos anos da República incorporouse ao Partido Galeguista e estableceu bufete de abogado na Coruña. Pero antes das eleccións do 36 coincidimos de novo en Santiago nunha asamblea galeguista. Percurounos a Fole e mais a min porque os da Coruña temían que defendésemos a abstención electoral do Partido e encomendáronlle a él a misión de nos disuadir. Foi a última conversa que tivemos con él antes da guerra.

Durante a guerra logrou marchar a Buenos Aires, pero as suas raíces galegas e as suas lembranzas compostelanas aviveceron dolorosamente na ausencia forzada e leváronno a despregar unha actividade cultural galega verdadeiramente extraordinaria, na que participaron Dieste e Lorenzo Varela entre outros, e á que aínda non se lle fixo a xusticia debida.

RAFAEL DIESTE EN RIANXO. Do mesmo xeito que nos casos de Lorenzo Varela e de Luis Seoane me ven ás mentes a lembranza do pasado lonxano que me une a eles, no caso de Rafael Dieste acude ao meu espírito unha fonda e permanente arela que, por non realizada ainda, situo confiadamente no futuro.

Certo que "vin" a Rafael Dieste nun café lugués alá polo ano 34, pero non cheguei a falar con él. Eu xa coñecía "Dos Arquivos do Trasno" e mais "A Fiestra Valdeira", e mesmo sabía de memoria "Na morte de Estreliña" porque me engailara o seu maravilloso equilibrio de ternura e poesía; pero non tiven oportunidade de falar co autor.

Pasaron moitos anos. A guerra e o exilio mantiveron a Rafael lonxe de Galicia. Pero, curiosamente, eu percibía que seguía tendo unha vigorosa presencia a través dos seus amigos, moitos deles tamén amigos meus. Ao longo de tantos anos, todos eles me falaban de Rafael con grande admiración intelectual e con fonda estimanza persoal. En todos había como unha nostalxia perene da lonxana e fecunda convivencia espiritoal co amigo agora ausente no exilio.

Co tempo, Rafael e Carmen voltaron para Galicia e non tardei en coñecelos. Confeso que ao longo dos anos e a través dos amigos eu fora formando unha imaxe de Rafael un chisco "doutoral". Imaxe elaborada ao longo de anos, pero esfarelada en poucos minutos. Axiña comprendín que non era "ciencia doutoral" senón "sabiduría profunda" o que os amigos admiraban nel. Porque fai falta moita sabiduría íntima —e case poderíamos decir innata— para lograr esa espontaneidad reflexiva que se bota de ver na sua palabra e nos seus xuicios. Só un espírito máximamente libre pode armonizar o pálpito da sensibilidade, o revoar da imaxinación e o rigor lóxico do razonamento no fluir espontáneo da palabra. E Rafael faino, porque el é un dos grandes artistas da palabra que temos no noso país. E tamén, de certo, un dos espíritos máis libres.

Mais velahí que o universo de Rafael Dieste, amplo e ricaz como é, ten o seu centro en Rianxo. Mesmamente alí, e con el, é como podemos abranguer a plenitude dese universo. Todolos galegos amantes da libertade espiritoal deberiamos pasar un dia en Rianxo con Rafael Dieste. Que é talmente a vella arela que penso cumplir.

Ateneo Ferrolán

Ramón Piñeiro



LORENZO VARELA por Seoane - 1961



SEOANE por Braxe - 1981



RAFAEL DIESTE por Díaz Pardo - 1962